

ASUNTO PLE/2023/00009637M

ACTA NÚM. 3 - SESIÓN ORDINARIA 28 DE FEBREIRO DE 2023

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:18 horas** do día **28 de febreiro de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Prol Mariño
Dona María Begoña Rodríguez Rodríguez

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro

Concelleiro non adscrito:

Don José Javier Fernández Martínez.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00009637M.

Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria dos días 26 de xaneiro e 16 de febreiro de 2023.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2021/00024138T.

Aprobación definitiva do Estudo de detalle de dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva na Praza de Ultreia.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-01.

Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2023-REC-01 por importe de 38.784,04 euros, para aprobar unha parte das OPAS reflectidas na conta 413 a 31.12.2022.

4. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a posta en marcha de políticas locais e un protocolo contra as agrexións sexuais no ocio nocturno privado en Santiago.

5. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para conectar o núcleo da Veiga no Eixo á rede de abastecemento de auga.

6. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para buscar espazos alternativos para adestrar mentres duren as obras do complexo deportivo de Sta. Isabel.

7. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para o incremento de efectivos nos corpos de policía actúantes na cidade.

8. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a aprobación dun plan específico de dignificación integral do barrio de Sar e as rúas dos Pexigos.

9. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00044712P.

Dar conta da execución do estado de gastos e ingresos do orzamento do concello acumulada a 31/12/2022, así como dos movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

10. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00044712P.

Dar conta da execución do estado de gastos e ingresos do orzamento do Organismo Autónomo “Auditorio de Galicia” acumulada a 31/12/2022, así como dos movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

11. Dar conta da designación de representantes do grupo municipal Socialista en comisións.

12. Dar conta de resolución da alcaldía de data 16 de febreiro de 2023, de nomeamento de concelleira delegada do medio rural e relacións veciñais da zona rural e membro da Xunta de Goberno.

13. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

14. Comparecencia do alcalde.

15. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

1. Formulado por CA para garantir a menor afectación aos lugares de Porto de Conxo e Cruxeiras polas obras da SC-20.
2. Formulado polo BNG para realizar unha regulación e control das zonas de estacionamento na rúa Banquete de Conxo.
3. Formulado polo BNG para resolver o problema de inundacións do río Sar na Ponte de Suarribas.
4. Formulado polo PP para realizar labores de limpeza nas placas informativas das rúas e outros elementos do espazo público.
5. Formulado polo PP para a mellora do firme no cruce das rúas Escultor Camilo Otero e María Miramontes e a colocación dun colector de vidro.
6. Formulado polo PP para unha posible remodelación da illa viaria deseñada na praza do Carballal, na parroquia de Villestro.
7. Formulado por CA sobre as demandas da ANPA do CEIP Raíña Fabiola.
8. Formulado por CA sobre o adecentamento das beirarrúas do Camiño Francés ao seu paso polo barrio de San Lázaro.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada por CA sobre as novas iniciativas e políticas públicas de promoción turística presentadas en FITUR.
2. Formulada polo BNG en relación a asignación de postos para o colectivo de persoas artesás.
3. Formulada polo BNG en relación a inclusión dun plan de mellora das obras de Vista Alegre.
4. Formulada polo BNG para proceder á sinalización da ruta cultural e ambiental en Barciela e Marantes.
5. Formulada por CA sobre o control da calidade do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria.
6. Formulada polo PP sobre os investimentos destinados ao rural dentro do POS da Deputación.
7. Formulada polo PP sobre a auditoría e o Plan director coas actuacións, orzamentos e prioridades a executar nas instalacións deportivas municipais.
8. Formulada polo PP sobre as medidas adoptadas polo goberno local para mellorar a curto prazo as carencias de aparcamento na contorna do CHUS.
9. Formulada polo concelleiro non adscrito sobre a obra da senda na finca do Psiquiátrico de Conxo na marxe do río Sar para os accesos ao Banquete de Conxo.

Preguntas resposta escrita:

1. Formulada polo PP sobre contratación dun Foro de Turismo Sostible.
2. Formulada por CA sobre o alugueiro dun inmovible da empresa Desproi.
3. Formulada polo PP sobre Cabalgata de Reis.
4. Formulada polo PP sobre a promoción da cidade na rodaxe Honeymoon.
5. Formulada polo PP sobre gastos con cargo ao orzamento por mor da manifestación do 12 de febreiro.
6. Formulada polo BNG sobre a mala situación dos parques infantís.

16. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada por CA pola redacción urxente dun plan estratéxico da cultura.
2. Presentada polo BNG para instar á Xunta a adquirir os edificios de Ciencias da Educación e Enfermaría para destinalos á Escola Oficial de Idiomas.
3. Presentada polo BNG para a mellora dos espazos públicos, a reordenación do

tráfico, aparcadoiros e o cambio de emprazamento dos colectores de residuos en Sabugueira.

4. Presentada polo BNG para trasladar á Fiscalía o expediente da contratación irregular coa empresa Desproi que abriu unha crise de goberno local.

5. Presentada polo BNG do 8M para adoptar medidas para loitar contra a pobreza feminina, reducir a precariedade laboral e fomentar a conciliación, cun control das empresas concesionarias de servizos municipais.

6. Presentada polo PP para o impulso do colector xeral do río Sarela e o inicio das obras da nova EDAR.

7. Presentada polo PP para o apoio da revisión da Lei orgánica 10/2022, coñecida popularmente como a “Lei do só si é si”.

8. Presentada polo PP con motivo do día internacional da muller, 8 de marzo.

9. Presentada por CA sobre o proxecto de eixo de mobilidade sostible en Santiago de Compostela.

10. Presentada por CA en apoio á escola unitaria o Gaios e para a continuidade das escolas unitarias no rural de Santiago.

11. Presentada polo concelleiro N/A para promover o diálogo coa veciñanza e as asociacións veciñais sobre os proxectos de reurbanización ou obras que afecten aos seus ámbitos.

12. Presentada por CA sobre as expropiacións na Gracia para a plataforma loxística de intercambio de mercadorías.

13. Moción urxente presentada polo PSdeG-PSOE para a construción dun aparcamento na contorna do CHUS.

Antes de entrar no estudo dos asuntos incluídos na orde do día, teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Marcos Mourelle, en relación coa proposición do BNG para conectar o núcleo da Veiga á rede de abastecemento de auga.

Don Luís Salvado, en relación á moción presentada polo BNG, para a mellora dos espazos públicos, a reordenación do tráfico, aparcadoiros e o cambio de emprazamento dos colectores de residuos en Sabugueira.

Don Pablo Antonio Pía, en relación á proposición presentada por CA, para a aprobación dun plan específico de dignificación integral do barrio de Sar e as rúas dos Pexigos.

Previa declaración de urxencia acordada cos votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP, de CA e do BNG, e a abstención do concelleiro non adscrito, o Pleno da Corporación acorda incluír a presente declaración para ser tratada na sesión, sendo aprobada con idéntica votación:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO SOBRE A CREAMENTO DE NOVOS ÓRGANOS XURISDICIONAIS NA CIDADE.

“O Alcalde do Concello de Santiago, ao abeiro do regulamento orgánico municipal no seu artigo 116, presenta a seguinte declaración institucional para ser aprobada polo Pleno da Corporación, como manifestación do seu parecer sobre a necesidade de dotar de novos órganos xurisdiccionais á nosa cidade.

A correcta Administración de Xustiza é un dos piares esenciais dun Estado de Dereito, e iso esixe una dotación suficiente de órganos xurisdicionais que poidan afrontar con garantías de calidade e coa celeridade mínima esixible a resolución xudicial dos conflitos que a cidadanía formule en exercicio do seu dereito constitucional a unha tutela xudicial efectiva.

Santiago de Compostela, capital de Galicia, ven padecendo historicamente unha insuficiencia de dotación de órganos xudiciais na práctica totalidade das ordes xudiciais. Hoxe tal infradotación resulta clamorosa e doente, dado o volume de servizos que a cidade, como cabeceira e referente dun partido xudicial tan amplo, presta e debe atender.

Con todo, hai algunhas demandas que son inaprazables, e que afectan de xeito moi importante á calidade do dereito da cidadanía a ver protexidos os seus dereitos cando ten que acudir, para reclamalos ou defendelos, aos xulgados e tribunais.

Así, resulta imprescindible a creación dun xulgado específico de violencia contra a muller. A actual configuración do mesmo, coas competencias compartidas cun xulgado de instrución, distorce o funcionamento do mesmo, o que, dado o volume e ámbito a tratar, xera un imperdoable e arriscado retraso de moitas actuacións, ao tempo que non permite a necesaria especialización para dar resposta a unha problemática tan sensible, e pordesgraza tan habitual, como é a da violencia de xénero.

Por demais, a lóxica posibilidade a considerar, de atribuír a ese xulgado específico, competencia territorial sobre un ámbito extenso, como pode ser o da Sección da Audiencia Provincial, o número de casos xustifican xa a súa creación, y permitirían, ademais, achegar a Xustiza ás súas demandantes.

Resulta asemade necesario a creación dun terceiro xulgado do contencioso-administrativo, que alivie a carga de traballo dos dous existentes, e acorte os prazos de resolución.

O feito de residenciarse na cidade de Santiago a administración autonómica, e substanciarse tamén aquí gran parte das reclamacións formuladas fronte o SERGAS, fai que a carga de traballo neste ámbito sexa moi superior á que soportan outras cidades da nosa Comunidade Autónoma. A necesaria especialización que a capitalidade autonómica xera, así como o volume específico nesta orde xurisdicional, impón a creación deste terceiro xulgado de forma urxente.

En terceiro lugar é moi necesaria, tamén, a creación dun xulgado de familia que permita dar resposta, en prazo razoable, e coa debida especialización do seu persoal, ás demandas neste eido. A creación deste xulgado debe ir acompañada dun importante reforzo do persoal dos equipos técnicos de apoio, equipos extraordinariamente sobrecargados de traballo, e cuxa demora na emisión de informes alonga de xeito inasumible procedementos xudiciais sobre cuestións de extraordinaria importancia.

Por último consideramos que debe valorarse a creación dunha segunda Sección da Audiencia Provincial, que permita tamén a súa especialización, e que avance na dirección -xa iniciada pola Sección que leva anos de funcionamento- de achegar a xustiza a quen a demanda. O dinamismo do tecido económico e produtivo da nosa área ten clara necesidade deste fornecemento.

Son demandas históricas e xustas, que tras a escoita de todos os sectores e persoas profesionais implicadas e afectadas por eles, hoxe tórnanse xa urxentes.”

Previa declaración de urxencia acordada cos votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP, de CA e do BNG, e a abstención do concelleiro non adscrito, o Pleno da Corporación acorda incluír a presente declaración para ser tratada na sesión, sendo aprobada con idéntica votación:

DECLARACIÓN INSTUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN CONMEMORACIÓN DO 175 ANIVERSARIO DA POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO.

“O Alcalde do Concello de Santiago, ao abeiro do “Regulamento orgánico municipal” no seu artigo 116, presenta a seguinte declaración institucional para ser aprobada polo Pleno da Corporación, coma manifestación do seu recoñecemento da labor acadada pola Policía Local de Santiago no seu centésimo septuaxésimo quinto aniversario.

Mediante a presente declaración o Concello de Santiago de Compostela quere homenaxear e recoñecer o extraordinario labor levado a cabo pola Policía Local de Santiago ao longo destes últimos 175 anos. Un labor comprometido coa defensa das liberdades democráticas, e co deber público, ao servizo dos composteláns e compostelás, e dos centos de miles de persoas que visitan a cidade cada ano.

O primeiro antecedente do que hoxe coñecemos como Corpo de Policía Local podemos atopalo no ano 1780, pois até esta data non existen ordenanzas municipais propiamente ditas. Con todo, desde ese ano achamos na documentación que se conserva unha referencia constante aos temas de policía urbana. Un segundo antecedente que nos permite entender a creación, en 1848, do que hoxe se coñece como Policía Local. Pérez Constanti, arquivista municipal a principios do século XX, na súa compilación de regulamentos da garda municipal, que vai de 1837 a 1900, dinos que a garda municipal constituiríase aquel ano coa denominación de Rolda de Policía Urbana pero que, anos antes, xa fose creada a compañía de serenos.

No mes de febreiro de 1848, o alcalde da cidade era don Miguel Díaz. No documento do 22 de febreiro de 1848 asinado por don Miguel Díaz, aparecen queixas polos moitos roubos que se estaban detectando na cidade, feito polo que se decidiu a entrada en funcionamento, a partir dese momento, dunha Rolda de Policía Urbana que viña sumarse á xa existente compañía de serenos nocturnos. Creábase así o Corpo da Policía Local.

Os aspectos da vida cotiá dos habitantes, hixiénicos, urbanístico-arquitectónicos, a imaxe que ofrecía a cidade, etc. son os temas que centran a atención dos primeiros gardas municipais. Os gardas diúrnos e os serenos diferenciábanse en que os segundos se ocupaban case exclusivamente da seguridade cidadá, mentres que os primeiros desenvolvían un maior número de funcións.

Sobre todo no século XIX, pero aínda no XX, os gardas municipais actuaban conxuntamente con outros corpos de seguridade, dos que cabe sinalar, pola súa importancia e connotacións, a figura do sereno particular, vixiante nocturno pago polos veciños dun barrio para o control das súas rúas durante a noite.

No ano 1887, a raíña María Cristina aproba o Regulamento para os corpos de seguridade e vixilancia, no que se fixa, por exemplo, a estatura mínima para entrar nun

corpo de seguridade en 1,66 m e tamén a obrigatoriedade do servizo por parellas.

No último terzo do século XIX o crecemento da Policía Urbana vai asociado ao desenvolvemento da cidade, polas novas funcións e espazos que se xeran nesta época: os paseos da Alameda incorporan policía municipais para a súa vixilancia mentres que o mercado de Abastos promove a dotación de axentes que garantan a hixiene e o control das mercadorías.

A este burocratismo e progresiva complicación e delimitación das funcións dos gardas municipais vén engadirse, a principios do século XX, un novo problema: o tráfico de vehículos. A aparición destas máquinas motivou a creación dentro da Policía Local da sección de Tráfico, que controlaba e organizaba a circulación. En 1918 xa se contaba cun regulamento para a circulación de vehículos.

A partir do ano 1920 vaise incrementando o número de efectivos que compoñen o servizo, concretamente en 1928, o número de axentes que integraba o corpo eran 63: 1 xefe, 3 cabos, 5 gardas de primeira, 42 gardas de segunda, 2 gardas ciclistas e 10 gardas nocturnos. En 1955 ampliase o cadro de persoal en 25 gardas, motivado pola proxección turística de Santiago que se estaba iniciando.

Nos anos 70, acádanse os 112 axentes e desaparece o corpo de serenos, que pasa a incluírse na Policía Local.

Xa nos anos 80 créase a brigada nocturna e unidades dentro da Policía Local. En 1998 (ano en que se celebra o 150 aniversario da súa creación) conta con 162 profesionais, organizándose da seguinte maneira: Xefatura da Policía Local, Unidade administrativa ou de Servizos (sección administrativa, sección de servizos diúrno e nocturno e sección de urbanismo), unidade de seguridade cidadá (servizo diúrno e nocturno), unidade de tráfico (sección de tráfico, sección motorizada, sección de atestados e sección sala de control de tráfico) e unidade de policía de barrio, contando tamén con escolta de gala (formada por lanceiros, maceiros e garda vella).

Na historia da Policía Local de Santiago debemos destacar o ano de entrada da primeira muller que formou parte do corpo da policía local da cidade, a axente Belén Sixto Santos incorporouse no ano 1984 con tan só dezanove anos de idade. Dende esa data, máis mulleres accederon ao servizo de Policía Local, contando hoxe con catorce mulleres no corpo.

Outro dos pasos acadados nestes últimos anos é a incorporación dos axentes locais no “Sistema de Seguimiento Integral en los casos de Violencia de Género” (Sistema VioGén), xa no ano 2020. Este servizo, dotado de tres axentes e dun coordinador, ten por obxecto aglutinar as diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero, realizando un seguimento e protección das vítimas en todo o ámbito do municipio, logrando así unha tupida rede que permite o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e dos seus fillos e fillas, na nosa cidade.

Por todo isto, asínase esta declaración institucional, en recoñecemento de toda a Corporación Municipal ao labor de servizo público acado nestes 175 anos pola Policía Local de Santiago; e en recoñecemento da súa contribución á seguridade da nosa cidadanía e das persoas que nos visitan.”

Seguidamente vótase a declaración de urxencia do asunto que se reflexa a continuación, que é declarado urxente por unanimidade, e será tratado a continuación do punto núm. 3 da orde do día, como punto 3 bis:

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2023-SUPLE-01, POR IMPORTE 525.175,86 €, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

A continuación vótase a declaración de urxencia da moción que se indica, que é declarada urxente por unanimidade, para ser tratada na presente sesión, e que vai ser tratada no punto respectivo de “toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais”:

MOCIÓN URXENTE CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSDEG-PSOE, DE CA, DO BNG E DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA MOSTRAR O REXEITAMENTO Á EXPULSIÓN DA EURODEPUTADA ANA MIRANDA DE ISRAEL.

Cumpriméntase así:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00009637M.
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DOS DÍAS 26 DE XANEIRO E 16 DE FEBREIRO DE 2023.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba as actas correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria dos días 26 de xaneiro e 16 de febreiro de 2023.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2021/00024138T.
APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DE DOTACIÓN DE ACCESIBILIDADE AOS INMOBLES DE VIVENDA COLECTIVA NA PRAZA DE ULTREIA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“Con data 16 de febreiro de 2023, o Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística emitiu o seguinte informe-proposta, en relación co Estudo de detalle de dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva na praza de Ultreia:

“ANTECEDENTES

O estudo de detalle, elaborado polo arquitecto Juan Pinto Tasende, formúlase de oficio polo Concello de Santiago co obxecto de mellorar as actuais condicións de accesibilidade ás vivendas existentes no ámbito.

1. ÁMBITO E OBXECTO DE ORDENACIÓN

O ámbito do estudo de detalle abrangue os seguintes edificios, cos espazos públicos e privados adxacentes:

Enderezo	Referencia catastral
Praza Ultreia, 1	7787904NH3478H
Praza Ultreia, 2	7787901NH3478H

Enderezo	Referencia catastral
Praza Ultreia, 3	7787902NH3478H
Praza Ultreia, 4	7787903NH3478H
Praza Ultreia, 5	7887101NH3478F
Praza Ultreia, 6	7887102NH3478F
Praza Ultreia, 7	7887103NH3478F
Praza Ultreia, 8	7886401NH3478F
Praza Ultreia, 9	7886402NH3478F
Praza Ultreia, 12	7887701NH3478F
Praza Ultreia, 13	7887703NH3478F
Praza Ultreia, 14	7887702NH3478F
Praza Ultreia, 15	7787801NH3478F
Praza Ultreia, 16	7787802NH3478F
Praza Ultreia, 17	7787803NH3478F
Avenida Salamanca, 28	7685301NH3478F
Espíritu Santo, 47	7787805NH3478F
Espíritu Santo, 48	7787804NH3478F
Pastoriza, 101(A)	7987102NH3478F
Pastoriza, 101(B)	7987101NH3478F
Pastoriza, 102(A)	7987701NH3478F
Pastoriza, 102(B)	
Pastoriza, 103(A)	7886502NH3478F
Pastoriza, 103(B)	7886501NH3478F

Tamén se inclúen no ámbito pequenas porcións das seguintes parcelas catastrais, que son de necesaria ocupación para executar as actuacións previstas:

Enderezo	Referencia catastral
Rúa Basquiños, 87	7786103NH3478F
Praza Ultreia, 10	7786123NH3478F
Praza Ultreia	7786165NH3478N

2. PLANEAMENTO E NORMATIVA APLICABLE

A ordenanza aplicable do Plan xeral (ordenanza 9) prevé expresamente a aprobación dun estudo de detalle para introducir elevadores e outros elementos de mellora da accesibilidade, admitindo que poidan supoñer mesmo a desafectación do dominio público (artigo 146.3).

As actuacións propostas teñen a consideración de actuacións de rehabilitación edificatoria, segundo o previsto nos artigos 7.2.b do Texto refundido da lei do solo (TRLR), e 2.d) da Lei 1/2019 *de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRR)*, dirixidas a mellorar as actuais condicións de accesibilidade ás vivendas existentes no ámbito.

A fin de garantir o máximo nivel de accesibilidade e diminución das barreiras arquitectónicas e urbanísticas existentes no contorno (artigo 3.2.k da LRRR), o estudo de detalle reaxusta aliñacións e rasantes co obxecto de definir uns itinerarios peonís que faciliten a accesibilidade das persoas residentes. Estes reaxustes atópanse abeirados polo artigo 79.1.a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG), e respectan os límites sinalados no apartado 2 do mesmo artigo.

Para acadar as finalidades sinaladas, o estudo de detalle contén a delimitación do ámbito da correspondente actuación sobre o medio urbano, cos efectos que para este tipo de actuacións regulan as disposicións aplicables do TRLS e da LRRL. Así, a aprobación definitiva da delimitación comporta os seguintes efectos xurídicos:

1º Implica a declaración de utilidade pública e interese social, para os efectos de aplicación dos réximes de expropiación, venda e substitución forzosa dos bens e dereitos necesarios (artigos 42.3 do TRLS e 13.1 da LRRR). En consecuencia, habilita a expropiación forzosa dos bens e dereitos que sexa preciso ocupar para executar a actuación proposta.

2º Habilita a ocupación de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos públicos afectados (artigos 24.4 do TRLS e 13.2 da LRRR)

3º A administración poderá acordar que as actuacións de mellora da accesibilidade e da eficiencia enerxética a executar nos edificios existentes non computen para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións (artigo 13.5 da LRRL).

3. RESULTADO DO TRÁMITE DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 2 de agosto de 2021, e someteuse a información pública durante o prado dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron con data 5 de novembro do mesmo ano no xornal *El Correo Gallego* e no Diario Oficial de Galicia. Simultaneamente, practicouse notificación persoal aos titulares dos terreos afectados, segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado o día 4 de novembro de 2021.

Consta informe favorable emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 2 de febreiro de 2022, condicionado á introdución de concretas medidas protectoras e correctoras.

Durante o trámite de participación formuláronse 143 escritos de alegacións, ademais doutra alegación que se presentou fóra de prazo.

Todas as alegacións presentadas son obxecto de exame e contestación detallada nun informe asinado pola arquitecta municipal o día 16 de febreiro de 2023.

No informe técnico xustifícanse as solucións de accesibilidade adoptadas, así como o reaxuste de aliñacións e a necesidade de ocupación dos terreos afectados. Así mesmo, xustifícase a integración das cuestións sinaladas no informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, e descríbense os axustes propostos respecto do documento inicialmente aprobado.

Con data 23 de febreiro de 2023, a Comisión Informativa de Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos emitiu ditame favorable á proposta contida no informe anteriormente transcrito.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno Municipal adoptar o seguinte seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para a dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na praza de Ultreia, formulado de oficio polo Concello de Santiago, segundo o documento elaborado polo arquitecto Juan Pinto Tasende, presentado o día 15 de febreiro de 2023.

Segundo. Aprobar definitivamente a delimitación espacial do ámbito da actuación sobre o medio urbano, cos efectos regulados nos artigos 24 e 42.3 do RD lexislativo 7/2015 e 13.2 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

A aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, delimitándose os terreos de necesaria ocupación no plano O.02 do estudo de detalle.

A aprobación do estudo de detalle implica tamén a desafectación dos terreos de dominio público que sexa preciso ocupar *para* a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal.

Ao abeiro do disposto polo artigo 13.5 da precitada Lei 1/2019, acórdase que as actuacións dirixidas á mellora das condicións de accesibilidade e da eficiencia enerxética previstas no Estudo de detalle non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

A vista da proposta transcrita o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para a dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na praza de Ultreia, formulado de oficio polo Concello de Santiago, segundo o documento elaborado polo arquitecto Juan Pinto Tasende, presentado o día 15 de febreiro de 2023.

Segundo. Aprobar definitivamente a delimitación espacial do ámbito da actuación sobre o medio urbano, cos efectos regulados nos artigos 24 e 42.3 do RD lexislativo 7/2015 e 13.2 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

A aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, delimitándose os terreos de necesaria ocupación no plano O.02 do estudo de detalle.

A aprobación do estudo de detalle implica tamén a desafectación dos terreos de dominio público que sexa preciso ocupar para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal .

Ao abeiro do disposto polo artigo 13.5 da precitada Lei 1/2019, acórdase que as actuacións dirixidas á mellora das condicións de accesibilidade e da eficiencia enerxética previstas no Estudo de detalle non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-01. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2023-REC-01 POR IMPORTE DE 38.784,04 EUROS, PARA APROBAR UNHA PARTE DAS OPAS REFLECTIDAS NA CONTA 413 A 31.12.2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extrajudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **38.784,04 euros**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarias para o seu recoñecemento extrajudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.

2. Vista a dilixencia emitida con data 15.02.2023 polo titular accidental do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.

3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria do día 23.02.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017).

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega

xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **38.784,04 euros**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 38.784,04 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

A vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA, 2 BNG e 1 N/A), acorda:

Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 38.784,04 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

3 bis. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00008756K.

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2023-SUPLE-01, POR IMPORTE 525.175,86 €, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES:

1. Vistas as solicitudes presentadas en expediente electrónico polos centros xestores CX 07 Urbanismo e CX 09 Vías e Obras solicitude de tramitación dun expediente de suplemento de crédito para completar as achegas municipais deste exercicio de dous proxectos financiados con fondos NextGeneration.

2. Vista a existencia de crédito para financiar un crédito extraordinario, segundo a cesión de crédito manifestada polos CX 08 Expropiacións, CX 09 Vías e Obras, CX 12 Alumeado Público, CX 15 Medio ambiente e CX 31 Comercio.

3. Visto o informe da Oficina Orzamentaria asinado con data 17.02.2023 sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de suplemento de crédito -baixo a codificación 2023-SUPLE-01- de importe 525.175,86 euros, financiado con baixas por anulación, nos proxecto de gasto 2022/2/NGPLA/26 e 2023/2/NGPAV/2 que complete a totalidade da achega municipal necesaria neste

exercicio para o desenvolvemento dos proxectos "Plataforma Loxística de distribución de mercadorías no Casco Histórico" e "Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel e do pavillón polideportivo de Vite".

4. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local en data de 17.02.2023.

5. Visto a existencia no expediente dunha operación contable RC que financia o crédito extraordinario e de operacións RC que financian as demais subvencións nominativas.

6. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 20.02.2023 e con número de referencia 24/2023.

7. Visto o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de suplemento de crédito.

8. Visto o acordo da Xunta de Goberno de 21.02.2023 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01.

CONSIDERACIÓNS:

I. Normativa de aplicación.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e as súas modificacións.

Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022, prorrogadas neste exercicio.

Unha vez analizados os informes propostas que forman parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes que da soporte á solicitude de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01, segundo opinión da Oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación dos gastos propostos, a

xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

Estas modificacións orzamentarias propostas, modalidade suplemento de crédito, resultan necesarias e imprescindibles ao non existir no orzamento municipal actual crédito axeitado e suficiente para completar as achegas municipais de proxectos financiados con fondos europeos NextGeneration no orzamento deste exercicio, prorrogado.

O expediente que se presente a aprobar consta de **dous apartados** vinculados ás seguintes determinacións:

1. SUPLEMENTO de crédito na aplicación 050 33600 6220001 de importe 227.837,73 euros no proxecto de gasto 2022 2 NGPLA 26. O obxecto deste expediente é completar a achega municipal deste exercicio (10% do custe elixible total mais o IVE) que posibilita a execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU denominado “Plataforma Loxística de distribución de mercadorías no Casco Histórico de Santiago de Compostela”, crédito que a data actual non está garantido no proxecto para facer fronte aos compromisos presentes e futuros - entre os que destaca o derivado da sinatura dun convenio co Consorcio da Cidade de Santiago, a través do cal se executará a construción da obra.

Este proxecto finánciase na súa meirande parte a través da subvención concedida ao Concello de Santiago de Compostela ao abeiro da Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, publicada no BOE nº 201 de 23 de agosto, onde se aprobaron as bases reguladoras para o Programa de axudas a concellos para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano (resolución de concesión de 20.05.2022 da Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, cun importe total concedido para este proxecto de 3.913.920,00 €.

A cuantificación do importe da achega municipal neste ano 2023 acada a cifra de 292.631,82€ mais, tendo en conta que o importe actual achegado polo Concello e que xa consta como crédito no proxecto nesta anualidade 2023 é de 64.794,09 €, o importe a SUPLEMENTAR para garantir a totalidade da achega prevista neste exercicio no marco do gasto plurianual previsto o de **227.837,73 €**.

O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2023-SUPLE-01_I)				FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Plataforma lóxística de distribución de mercadorías no casco histórico	050 33600 6220001	2022 2 NGPLA 26	4.901,10	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 actuacións na rúa Altibioa	060	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	4.901,10	
			7.728,81		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 transferencias de capital en Comercio	010	43100	7700000	2017 2 COMER 74	7.728,81	
			178.374,49		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumeadado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	178.374,49	
			36.833,33		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia das cidades	020	17210	6400000	2022 2 NGBIO 5	36.833,33	
			227.837,73								227.837,73

2. SUPLEMENTO de crédito nas aplicacións 060 93302 6320001 de importe 138.399,58 euros e na 060 93302 6320002 de importe 122.857,82 €, ambas no proxecto de gasto 2023 2 NGPAV 2, (fondos propios do proxecto mais o IVE) que posibiliba a execución da actuación subvencionada pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU denominada “Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel e do pavillón polideportivo de Vite”. Este crédito á data actual non está garantida no proxecto de gasto para facer fronte á execución destas obras.

Este proxecto finánciase na súa meirande parte a través da subvención concedida ao Concello de Santiago de Compostela ao abeiro da ao abeiro da Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, publicada no BOE nº60, de 11 de marzo, na que se aprobaban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PIREP) e a concesión, de data 02.12.2022, tivo lugar a través da Resolución do Secretario Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de 02.12.2022 pola que se aproba unha axuda de 3.319.426,96 € para a realización do proxecto “Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel (2.340.149,05 €) e do pavillón polideportivo de Vite (979.277,91 €)”.

Ao tratarse dun proxecto de nova creación neste exercicio, e estarmos en situación orzamentaria de orzamento prorrogado, non existe crédito no orzamento vixente para atender á achega municipal deste ano, cuantificada nun total de **297.338,13 €**.

O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2023-SUPLE-01_II)					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Rehabilitación integral do pavillón polideportivo de Vite	060 93302 6320001	2023 2 NGPAV 2 1	64.684,88	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	64.684,88	
			73.714,70		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para aparcadoiro disuasorio na Avda. Cruceiro da Coruña.	060	15340	6090000	2022 2 NGAPA 17	73.714,70	
40.023,14	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumado público municipal	020	16500		6090001	2021 2 INVAL 4	40.023,14				
30.000,00	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para transferencias de capital de Comercio	010	43100		7700000	2021 2 COMER 46	30.000,00				
81.534,11	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para expropiación de terreos en Basquiños	050	93300		6000000	2021 2 BASQU 21	81.534,11				
7.381,30	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para aparcadoiro disuasorio na Avda. Cruceiro da Coruña.	060	15340		6090000	2022 2 NGAPA 17	7.381,30				
			297.338,13								

II. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

Como recurso que financia esta modificación de crédito, modalidade de suplemento de crédito, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

O financiamento deste expediente de modificación de crédito procede do crédito dispoñible existente, nas aplicacións e proxectos que se describen a continuación, pertencentes aos centros xestores 08, 09, 12, 15, 31 e 35. Consta na documentación do expediente informes asinados de cesión destes créditos de onde se desprende súa dispoñibilidade para atender ao financiamento prioritario destes proxectos municipais.

O detalle do financiamento é o seguinte:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Importe Baixas por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible	09	060	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	4.901,10	4.901,10	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible	31	010	43100	7700000	2017 2 COMER 74	7.728,81	7.728,81	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible	15	020	17210	6400000	2022 2 NGBIO 5	36.833,33	36.833,33	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible	12	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	539.644,51	283.082,51	256.562,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible	31	010	43100	7700000	2021 2 COMER 46	30.000,00	30.000,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible	08	050	93300	6000000	2021 2 BASQU 21	81.534,11	81.534,11	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible	09	060	15340	6090000	2022 2 NGAPA 17	81.096,00	81.096,00	0,00
TOTAL BAIAS POR ANULACIÓN						781.737,86	525.175,86	256.562,00

Neste sentido, fíxose a operación contable RC que financia o suplemento de crédito co número de operación RC que financia o suplemento de crédito co número de operación 220230001690 e números de referencia consecutivos que van do 22023003877 ao 22023003883.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -suplemento de crédito financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O suplemento de crédito financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 6 de gasto e nas que se declara a baixa no mesmo capítulo 6 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

III. OUTRAS CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

O Real Decreto-lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína modifica a redacción do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, introducindo unha nova disposición adicional 7ª coa seguinte redacción:

“Sin perjuicio de lo previsto en el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado mediante el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, serán de aplicación, con carácter excepcional, las siguientes reglas en la ejecución de los presupuestos de las entidades locales en relación con proyectos financiados con fondos europeos en el marco del Mecanismo de Recuperación y Resiliencia:

1. Los acuerdos de los órganos competentes de las corporaciones locales de aprobación de transferencias de créditos, así como los acuerdos del Pleno de la

corporación local de aprobación de créditos extraordinarios y suplementos de crédito, que tengan por objeto aquellos proyectos, serán inmediatamente ejecutivos, sin perjuicio de las reclamaciones que contra ellos se promovieran, las cuales deberán sustanciarse dentro de los ocho días siguientes a la presentación, entendiéndose desestimadas de no notificarse su resolución al recurrente dentro de dicho plazo.[...]

Consonte este precepto, o acordo plenario que se adopte terá carácter de executivo, sen prexuízo das reclamacións que contra el se promoveran, as cales deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do dito prazo.

PROPOSTA:

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de **suplemento de crédito** baixo o número de expediente **2023-SUPLE-01_I** por importe de DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE EUROS E SETENTA E TRES CÉNTIMOS DE EURO (**227.837,73 EUROS**) para completar a achega municipal deste exercicio (10% do custe elixible do proxecto mais o IVE) que posibilite a execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU denominado “Plataforma Loxística de distribución de mercadorías no Casco Histórico de Santiago de Compostela”.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2023-SUPLE-01_I)				FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Plataforma loxística de distribución de mercadorías no casco histórico	050 33600 6220001	2022 2 NGPLA 26	4.901,10	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 actuacións na rúa Altibioa	060	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	4.901,10	
			7.728,81		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 transferencias de capital en Comercio	010	43100	7700000	2017 2 COMER 74	7.728,81	
			178.374,49		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumeadado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	178.374,49	
			36.833,33		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia das cidades	020	17210	6400000	2022 2 NGBIO 5	36.833,33	
			227.837,73								227.837,73

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Plataforma loxística de distribución de mercadorías no casco histórico	07	050	33600	6220001	2022 2 NGPLA 26	2.750.024,00	227.837,73	2.977.861,73
TOTAL SUPLEMENTO DE CREDITO 2023-SUPLE-01_I							227.837,73	

B) Financiamento: baixas por anulación

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Importe Baixas por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 actuacións na rúa Altibioa	09	060	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	4.901,10	4.901,10	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 transferencias de capital en Comercio	31	010	43100	7700000	2017 2 COMER 74	7.728,81	7.728,81	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumeado público municipal	12	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	539.644,51	178.374,49	361.270,02
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia das cidades	15	020	17210	6400000	2022 2 NGBIO 5	36.833,33	36.833,33	0,00
TOTAL							227.837,73	

1. Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	227.837,73 €
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación.....	227.837,73 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de **suplemento de crédito** baixo o número de expediente **2023-SUPLE-01_II** por importe de DOUSCENTOS NOVENTA E SETE MIL TRESCENTOS TRINTA E OITO EUROS E TRECE CÉNTIMOS DE EURO (**297.338,13 EUROS**) para dotar a achega municipal deste exercicio (fondos propios do proxecto mais o IVE) que posibilibre a execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU denominado “Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel e do pavillón polideportivo de Vite”.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2023-SUPLE-01_II)				FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Rehabilitación integral do pavillón polideportivo de Vite	060 93302 6320001	2023 2 NGPAV 2 1	64.684,88	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	64.684,88	
			73.714,70		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para aparcadoiro disuasorio na Avda. Cruceiro da Coruña.	060	15340	6090000	2022 2 NGAPA 17	73.714,70	
40.023,14	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumado público municipal	020	16500		6090001	2021 2 INVAL 4	40.023,14				
30.000,00	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para transferencias de capital de Comercio	010	43100		7700000	2021 2 COMER 46	30.000,00				
81.534,11	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para expropiación de terreos en Basquiños	050	93300		6000000	2021 2 BASQU 21	81.534,11				
7.381,30	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para aparcadoiro disuasorio na Avda. Cruceiro da Coruña.	060	15340		6090000	2022 2 NGAPA 17	7.381,30				
			297.338,13								

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Rehabilitación integral do pavillón polideportivo de Vite	09	060	93302	6320001	2023 2 NGPAV 2 1	979.277,91	138.399,58	1.117.677,49
Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel	09	060	93302	6320002	2023 2 NGPAV 2 2	2.340.149,05	158.938,55	2.499.087,60
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2023-SUPLE-01_II						297.338,13		

B) Financiamiento: baixas por anulación

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN 2023-SUPLE-01_II							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumeado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	538.270,02	104.708,02	433.562,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para transferencias de capital de Comercio	010	43100	7700000	2021 2 COMER 46	30.000,00	30.000,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para expropiación de terreos en Basquiños	050	93300	6000000	2021 2 BASQU 21	81.534,11	81.534,11	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para aparcadoiro disuasorio na Avda. Cruceiro da Coruña.	060	15340	6090000	2022 2 NGAPA 17	81.096,00	81.096,00	0,00
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						297.338,13	

2. Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	297.338,13 €
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación.....	297.338,13 €

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL, sen prexuízo do seu carácter inmediatamente executivo ao abeiro do establecido na disposición adicional 7ª do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA e 1 N/A), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2023-SUPLE-01_I por importe de douscentos vinte e sete mil

oitocentos trinta e sete euros e setenta e tres céntimos de euro (227.837,73 EUROS) para completar a achega municipal deste exercicio (10% do custe elixible do proxecto mais o IVE) que posibilite a execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU denominado “Plataforma Loxística de distribución de mercadorías no Casco Histórico de Santiago de Compostela”.

En resumen:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2023-SUPLE-01_I)				FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Plataforma lóxística de distribución de mercadorías no casco histórico	050 33600 6220001	2022 2 NGPLA 26	4.901,10	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 actuacións na rúa Altibia	060	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	4.901,10	
			7.728,81		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 transferencias de capital en Comercio	010	43100	7700000	2017 2 COMER 74	7.728,81	
			178.374,49		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	178.374,49	
			36.833,33		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia das cidades	020	17210	6400000	2022 2 NGBIO 5	36.833,33	
			227.837,73								227.837,73

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Descripción	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Plataforma loxística de distribución de mercadorías no casco histórico	07	050	33600	6220001	2022 2 NGPLA 26	2.750.024,00	227.837,73	2.977.861,73
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2023-SUPLE-01 I							227.837,73	

B) Financiamento: baixas por anulación

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Importe Baixas por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 actuacións na rúa Altibioa	09	060	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	4.901,10	4.901,10	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Sabadell S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2017 transferencias de capital en Comercio	31	010	43100	7700000	2017 2 COMER 74	7.728,81	7.728,81	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumeado público municipal	12	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	539.644,51	178.374,49	361.270,02
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia das cidades	15	020	17210	6400000	2022 2 NGBIO 5	36.833,33	36.833,33	0,00
TOTAL							227.837,73	

1. Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	227.837,73 €
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación.....	227.837,73 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2023-SUPLE-01_II por importe de douscentos noventa e sete mil trescentos trinta e oito euros e trece céntimos de euro (297.338,13 EUROS) para dotar a achega municipal deste exercicio (fondos propios do proxecto mais o IVE) que posibilibite a execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU denominado “Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel e do pavillón polideportivo de Vite”.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2023-SUPLE-01_II)					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Rehabilitación integral do pavillón polideportivo de Vite	060 93302 6320001	2023 2 NGPAV 2 1	64.684,88		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumeado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	64.684,88	
			73.714,70		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para aparcadoiro disuasorio na Avda. Cruceiro da Coruña.	060	15340	6090000	2022 2 NGAPA 17	73.714,70	
Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel	060 93302 6320002	2023 2 NGPAV 2 2	40.023,14	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumeado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	40.023,14	
			30.000,00		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para transferencias de capital de Comercio	010	43100	7700000	2021 2 COMER 46	30.000,00	
			81.534,11		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para expropiación de terreos en Basquiños	050	93300	6000000	2021 2 BASQU 21	81.534,11	
			7.381,30		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para aparcadoiro disuasorio na Avda. Cruceiro da Coruña.	060	15340	6090000	2022 2 NGAPA 17	7.381,30	
			297.338,13								297.338,13

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria				Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Rehabilitación integral do pavillón polideportivo de Vite	09	060	93302	6320001	2023 2 NGPAV 2 1	979.277,91	138.399,58	1.117.677,49	
Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel	09	060	93302	6320002	2023 2 NGPAV 2 2	2.340.149,05	158.938,55	2.499.087,60	
TOTAL SUPLEMENTO DE CREDITO 2023-SUPLE-01_II							297.338,13		

B) Financiamiento: baixas por anulación

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN 2023-SUPLE-01_II							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumeado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	538.270,02	104.708,02	433.562,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para transferencias de capital de Comercio	010	43100	7700000	2021 2 COMER 46	30.000,00	30.000,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para expropiación de terreos en Basquiños	050	93300	6000000	2021 2 BASQU 21	81.534,11	81.534,11	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 a achega municipal para aparcadoiro disuasorio na Avda. Cruceiro da Coruña.	060	15340	6090000	2022 2 NGAPA 17	81.096,00	81.096,00	0,00
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						297.338,13	

2. Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	297.338,13 €
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación.....	297.338,13 €

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL, sen prexuízo do seu carácter inmediatamente executivo ao abeiro do establecido na disposición adicional 7ª do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A POSTA EN MARCHA DE POLÍTICAS LOCAIS E UN PROTOCOLO CONTRA AS AGRESIÓNS SEXUAIS NO OCIO NOCTURNO PRIVADO EN SANTIAGO.

O texto da proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate

no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo levar adiante un protocolo contra as agresións sexuais para poñer en funcionamento nos locais de ocio nocturno, así como para tornar máis seguros determinados espazos da cidade en colaboración coa USC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Santiago de Compostela é unha cidade universitaria ao tempo que Cidade Patrimonio da Humanidade, un lugar de encontro, de cultura e de lecer, un símbolo da súa identidade. Precisamente os locais composteláns de lecer nocturno, discotecas, salas de concertos, bares, bares musicais, festivais, etcétera, son espazos de encontro e relación que, como moitos outros, ás veces poden converterse no escenario de comportamentos que impiden que todas as persoas poidan gozalos por igual. A violencia sexual ou a ameaza de sufrila é unha das formas principais de limitación de acceso aos espazos públicos en situación de igualdade para as mulleres. As agresións sexuais cara as mulleres por parte de persoas coñecidas ou descoñecidas - que non son parella ou exparella- poden producirse en diferentes ámbitos no transporte, no espazo público, nas casas de persoas coñecidas, en centros deportivos, nos centros educativos, no lugar de traballo, e tamén no marco do lecer nocturno.

O grupo municipal de Compostela Aberta, durante o anterior mandato, levou a cabo iniciativas pioneiras, entre outras os *Puntos lilas*, que se introduciron por vez primeira nas festas de Santiago como ferramenta de sensibilización, atención e información ante posibles agresións machistas. Así mesmo, no marco da campaña 'Compostela en Negro' levouse adiante unha campaña de información e prevención das violencias machistas nos buses municipais, en colaboración con Tussa, que lamentablemente, nestes momentos, xa non está operativa.

Estas accións estaban enmarcadas nun proxecto máis amplo e ambicioso que levaba por nome *Compostela Territorio das Mulleres* no que se implicou aos sectores sociais e económicos de Santiago na construción dun municipio máis accesible, máis inclusivo e máis igualitario, porque unha Compostela pensada para as mulleres é unha Compostela mellor para toda a cidadanía. Como exemplo desa implicación dos sectores económicos pódese destacar ao sector turístico que no pasado mandato asinou un compromiso de boas prácticas en materia de igualdade e ao que se adheriron hoteis, pensións, cafés, bares e restaurantes. *Compostela Territorio das Mulleres* concibiuse como un proxecto en construción aberto á implicación de máis sectores económicos e sociais co fin de crear un mapa de recursos, lugares e equipamentos que axuden a construír unha cidade igualitaria, segura e amigable coas mulleres.

Xa no vixente mandato, este grupo municipal ten proposto no Pleno numerosas iniciativas demandando máis recursos, políticas transformadoras de igualdade, campañas e dispositivos específicos de axuda fronte ás violencias sexuais. Nesta ocasión é necesario insistir nas políticas de prevención e sensibilización, así como na necesidade de protocolos contra as agresións sexuais no marco do ocio nocturno privado co fin de seguir construíndo a Compostela Territorio das Mulleres.

Os locais de lecer nocturno, igual que o resto de espazos nos que habitan as persoas, son lugares onde poden producirse agresións sexuais ou comportamentos abusivos de tipo sexual. Por este motivo, entendemos que o Concello de Santiago debería facilitar as ferramentas e a formación necesaria para axudar a poñer en marcha un protocolo reservado para as persoas responsables e traballadoras dos locais de lecer

nocturno. Son precisamente estas persoas as que deben ter un rol fundamental que consiste en detectar situacións potencialmente perigosas ou incómodas e en atender ás vítimas, no caso de producirse unha agresión, para garantir que estes espazos teñan un compromiso activo contra a violencia machista, igual que o fan outros actores sociais, culturais e políticos de Santiago. Para cumprir este obxectivo central son imprescindibles as seguintes medidas: en primeiro lugar, que o sector empresarial do ocio nocturno compostelán actúe de maneira conxunta e consensuada para establecer formas de actuación e prevención que sexan efectivas e útiles para o sector co fin de aumentar a calidade dos servizos que ofrecen; e, en segundo lugar, que este sector empresarial teña en conta que moitas das agresións e abusos sexuais que se recollan nun protocolo son delitos tipificados no Código Penal e que, por tanto, requírese unha actuación responsable por parte dos axentes empresariais do lecer nocturno.

O pasado 28 de xullo do ano 2022 asinouse un convenio de colaboración entre o Ministerio de Igualdade, a través da Delegación do Goberno Contra a Violencia de Xénero, e a organización empresarial estatal de discotecas e salas que integran o ocio nocturno. O obxectivo é a participación no deseño e difusión de plans de actuación e protocolos de prevención e resposta por parte dos locais de ocio nocturno contra as violencias machistas, con especial atención ás violencias sexuais.

Por outra parte, a Xunta de Galicia e, en particular, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non dispón de ningún protocolo para aplicar no noso país nin tampouco impulsou ningún tipo de guía, materiais ou formación específica para o sector. En contraposición, cidades como Barcelona, Zaragoza ou Pamplona sí dispoñen dos seus propios protocolos e campañas impulsados dende as respectivas institucións municipais en colaboración co sector do ocio nocturno.

Con motivo do próximo 8 de Marzo, Día da Muller, e aproveitando unha maior capacidade para atraer a atención social sobre esta cuestión, dende o grupo de Compostela Aberta consideramos imprescindible que o Concello adopte un rol proactivo, impulsor e facilitador de ferramentas informativas-formativas e un protocolo que oriente a actuación do persoal dos establecementos composteláns na prevención, resposta e atención en caso de agresións sexuais ou comportamentos sexistas - tocamientos non consentidos, comentarios sexistas/lgtbqifóbicos, etc. Medidas e protocolos que deben, ao mesmo tempo, recoller as preocupacións e demandas do movemento feminista compostelán así como do estudantado universitario e do colectivo de mulleres universitarias *Campus do Medo*, este último, leva moito tempo denunciando e visibilizando a través das redes sociais os lugares nos que as mulleres foron obxecto de intimidacións e agresións. O Campus do Medo continúa no presente reclamando tanto á Universidade de Santiago de Compostela (USC) como ao Concello actuacións concretas efectivas contra as agresións machistas.

Un exemplo de “boa práctica” en Santiago de Compostela na que estivo implicado o sector do ocio nocturno e un grupo de mulleres universitarias tivo lugar o pasado 27 de maio de 2022 na sala Malatesta, con motivo da celebración da festa electrónica *Bullabarulla*, un evento que naceu da inquedaanza de proporcionar á cidade dunha maior diversidade musical e de tecer un lugar no que atoparse con propostas sonoras diverxentes. Un proxecto baseado no respecto a todas as persoas, coa vontade de formular espazos seguros nos que poder pasalo ben e desfrutar de boa música. Este compromiso materializouse, entre outras accións, mediante a implicación dun grupo de persoas voluntarias que na sala estiveron á disposición das persoas asistentes e que foron identificables por uns brazaletes de cor verde ás que dirixirse en caso de

precisar axuda. Esta acción realizouse de forma colaborativa coa sala Malatesta, que é quen ten a potestade dentro da sala, ten as súas propias normas para a xestión da súa seguridade. Foi un proxecto ao mesmo tempo, de sensibilización e toma de conciencia da participación de todas as persoas na responsabilización conxunta sobre o espazo de ocio para así poder desfrutar do evento cultural de música electrónica Bullabarulla sen problemas, sen tentativas de agresións machistas. Esta iniciativa foi acompañada doutras propostas como "fila barulli" –fila segura e disidente– e un pequeno decálogo sobre bo trato responsable na sala. Este é un exemplo que nos permite abrir un horizonte de oportunidade para a colaboración e a mellora das condicións de lecer, liberdade e seguridade do ocio nocturno en Compostela.

Por último, cómpre lembrar que son moitos os estudos científicos que mostran que a violencia sexual é exercida practicamente en exclusiva polos homes e que, de forma moi maioritaria, as persoas vítimas agredidas sexualmente son mulleres. No obstante, a comunidade LGTBIQ+ , as persoas que se identifican como lesbianas, gays, trans, bisexuais ou intersexuais tamén experimentan agresións machistas e poden enfrontarse a desafíos para denunciar. Neste sentido, o protocolo debería aplicarse para protexer tanto ás mulleres como ao colectivo lgtbiq+ no caso de ser vítimas dunha agresión sexual dentro dun local de ocio nocturno en Compostela.

Por todo isto, e tendo en conta que estamos diante dunha necesidade urxente que cómpre abordar canto antes, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Recoñecer, colaborar e apoiar as mobilizacións e actividades convocadas polo movemento feminista para o día 8 de marzo, e programar actos e actividades municipais de apoio institucional polo día Internacional das Mulleres.
2. Levar adiante, por parte do concello de Santiago, en colaboración coas persoas responsables e traballadoras dos locais de ocio nocturno, os colectivos feministas, o estudantado universitario e o colectivo Campus do Medo, un protocolo contra as agresións sexuais de funcionamento exclusivo para este sector.
3. Asegurar os recursos municipais necesarios para seguir construíndo a *Compostela Territorio das Mulleres* garantindo "espazos seguros" tanto nos lugares de ocio nocturno como nos espazos públicos de Santiago e nos campus universitarios, tal e como demandan as universitarias e o colectivo do *Campus do Medo*.
4. Recuperar e impulsar novamente a campaña de prevención contra as agresións machistas no servizo público de transporte de autobuses de Santiago en colaboración coa empresa Tussa.
5. Elaborar unha guía municipal de actuación e ferramentas informativas-formativas que orienten a actuación do persoal dos establecementos de ocio nocturno na prevención, resposta e atención ás agresións machistas, con especial atención ás violencias sexuais.
6. Desenvolver, en colaboración coa USC, unha campaña de sensibilización en educación e diversidade sexual dirixida ao estudantado universitario para informar, mediante *Puntos Lilas*, nas proximidades dos principais centros de ocio nocturno de Compostela.
7. Instar á Xunta de Galicia e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade:

a) Elaborar, producir e difundir material de prevención sobre as violencias machistas nos lugares de ocio nocturno galegos.

b) Proporcionar formación ao persoal profesional do sector do ocio nocturno na adquisición de coñecementos básicos e suficientes en materia de violencias machistas, con especial atención ás violencias sexuais.”

Á presente proposición presenta emenda o grupo municipal do PP que non é aceptada por CA.

Rematado o debate, que se fixo conxuntamente coas mocións núms. 5 e 8, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 9 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Recoñecer, colaborar e apoiar as mobilizacións e actividades convocadas polo movemento feminista para o día 8 de marzo, e programar actos e actividades municipais de apoio institucional polo día Internacional das Mulleres.

2. Levar adiante, por parte do concello de Santiago, en colaboración coas persoas responsables e traballadoras dos locais de ocio nocturno, os colectivos feministas, o estudantado universitario e o colectivo Campus do Medo, un protocolo contra as agresións sexuais de funcionamento exclusivo para este sector.

3. Asegurar os recursos municipais necesarios para seguir construíndo a Compostela Territorio das Mulleres garantindo “espazos seguros” tanto nos lugares de ocio nocturno como nos espazos públicos de Santiago e nos campus universitarios, tal e como demandan as universitarias e o colectivo do *Campus do Medo*.

4. Recuperar e impulsar novamente a campaña de prevención contra as agresións machistas no servizo público de transporte de autobuses de Santiago en colaboración coa empresa Tussa.

5. Elaborar unha guía municipal de actuación e ferramentas informativas-formativas que orienten a actuación do persoal dos establecementos de ocio nocturno na prevención, resposta e atención ás agresións machistas, con especial atención ás violencias sexuais.

6. Desenvolver, en colaboración coa USC, unha campaña de sensibilización en educación e diversidade sexual dirixida ao estudantado universitario para informar, mediante *Puntos Lilas*, nas proximidades dos principais centros de ocio nocturno de Compostela.

7. Instar á Xunta de Galicia e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade:

a) Elaborar, producir e difundir material de prevención sobre as violencias machistas nos lugares de ocio nocturno galegos.

b) Proporcionar formación ao persoal profesional do sector do ocio nocturno na adquisición de coñecementos básicos e suficientes en materia de violencias machistas, con especial atención ás violencias sexuais.

O Sr. Presidente dispón un receso na sesión, de 12:14 a 12:30 horas.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONECTAR O NÚCLEO DA VEIGA, NO EIXO, Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

O texto da proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para conectar o núcleo da Veiga, no Eixo, á rede de abastecemento de auga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da Veiga, na parroquia do Eixo, carece de conexión á rede de abastecemento municipal de auga, como acontece noutros lugares do concello de Santiago, co agravante de que queda sen subministración e sen garantías de potabilidade de auga especialmente cando secan os pozos por mor da estiaxe.

Logo dunha visita ao lugar, membros do BNG comprobaron a preocupación das persoas afectadas ante a pasividade do Goberno local, que elaborou un anteproxecto para conectar 200 vivendas á rede da traída de augas municipal e, co argumento de que custa 2 millóns de euros e de que vai ligado ao novo contrato da auga, deixa sen conexión á ducia de vivendas que quedan sen auga e para as que cómpre unha solución urxente antes do próximo verán.

Nese sentido, tendo en conta que o orzamento municipal está prorrogado e de que existen posibilidades de realizar unha modificación de crédito ou de utilizar remanentes de tesouraría, pódese acometer de xeito prioritario unha primeira fase para ofrecer este servizo básico coa conexión á rede de abastecemento nesta ducia de fogares que carecen de auga no verán. Esta obra pode facerse independentemente da licitación do novo contrato da auga, pois este núcleo de poboación está entre 150 e 350 metros de distancia até onde chega a rede na actualidade, polo que é necesaria unha obra para facilitarlles o enganche á auga da traída municipal. Ademais das vivendas, tamén están afectados negocios alí instalados, o que repercute en problemas para a economía local.

No ámbito xeral, cómpre insistir en que o Goberno local busque financiamento da Xunta e do Estado para dotar de abastecemento e de saneamento as parroquias do rural compostelán, ademais de consensuar con FERUSA a prioridade dos núcleos que precisan estes servizos.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, procederá a realizar de urxencia as obras necesarias para facilitar o enganche á rede de subministración de auga do núcleo da Veiga, na parroquia do Eixo.”

O Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 8 PP, 5 CA e 1 N/A) e 9 abstencións correspondentes aos

concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, procederá a realizar de urxencia as obras necesarias para facilitar o enganche á rede de subministración de auga do núcleo da Veiga, na parroquia do Eixo.

6. PROPOSICIÓN PRERESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA BUSCAR ESPAZOS ALTERNATIVOS PARA ADESTRAR MENTRES DUREN AS OBRAS DO COMPLEXO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL.

O texto da proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para acurtar os tempos de execución do proxecto de reforma do complexo deportivo de Santa Isabel, estudar se é factíbel a compatibilidade das obras co desenvolvemento dalgunha das actividades e procurar espazos alternativos para manter a actividade dos clubs e das persoas usuarias que practican natación e outros deportes mentres duren estas obras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de reforma integral dos espazos do complexo deportivo de Santa Isabel, construído en 1983, que foi realizado co fin de mellorar a súa eficiencia enerxética, sustentabilidade e accesibilidade, foi beneficiario da Liña 1 do PIREP Local, o programa de axudas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a través dos fondos europeos Next Generation EU. Conta cun investimento de 2.975.903,26 euros, dos que 2.340.149 euros se corresponden coa axuda do goberno e 634.754,21 euros coa achega do Concello. Esta reforma permitirá mellorar a eficiencia enerxética, a sustentabilidade, a accesibilidade, a habitabilidade, a seguranza e a conservación do complexo deportivo, mais hai que facela con diálogo e consenso previo cos clubs e anticipándose ao sempre problemático tempo de obras para procurar alternativas provisionais que garantan a realización deportiva nas mellores circunstancias posíbeis.

Unha das prioridades será a da mellora da eficiencia enerxética, coa posta en marcha dunha serie de medidas destinadas non só a reducir o consumo de enerxía do edificio e as emisións, senón tamén a mellorar as súas condicións térmicas interiores e adaptalo á normativa actual. Destinarase a tal fin unha partida de 1.664.256,65 euros. Segundo a información que se fixo pública, entre as melloras previstas están a incorporación de novos revestimentos na envolvente térmica da fachada e a cuberta para facilitar o illamento térmico. Instalaranse tamén dúas bombas de calor, unha para a produción térmica do edificio, que apoie as caldeiras existentes para a produción de calor e de frío nos espazos actuais, e outra para a produción de ACS e quecemento de piscina. Tamén se prevé mellorar o sistema de ventilación coa substitución dos actuais ventiladores por equipos con recuperación de calor; e o cambio das luminarias actuais por outras de tecnoloxía LED para conseguir un importante aforro enerxético, así como a instalación de paneis fotovoltaicos para autoconsumo co obxectivo de reducir o consumo enerxético do edificio.

Dedicarase unha partida de 25.228 euros para mellorar a sustentabilidade coa instalación de elementos de billas en duchas, lavabos e inodoros que permitan unha redución do consumo de auga, sen rebaixar prestacións ás persoas usuarias. Noutro apartado, tamén se prevén intervencións para mellorar a accesibilidade ao pavillón polideportivo, co conseguinte traslado do acceso xeral á praza mediante unha

escalinata e unha rampla lateral, que permitan un acceso amplo, cómodo e ben dimensionado, que poida repartir o público nas bancadas e que facilite a evacuación en caso de incendio. Prevese, ademais, a incorporación dun ascensor e dunha pasarela, así como a mellora da accesibilidade en aseos e vestiarios adaptados. A estas intervencións destinaranse un total de 407.143,95 euros.

No apartado de habitabilidade e seguridade, cun investimento de 203.824,04 euros, prevese a adaptación das saídas de emerxencia, renovando a súa sinalización e os mecanismos de apertura, así como a renovación completa da instalación contraincendios. Tamén se adaptarán escaleiras e bancadas, incorporando varandas, pasamáns, e axustando banzos e espazos de acceso.

Por último, dedicarase unha partida de 158.971,54 euros para a revisión, reparación e mellora das cubertas da piscina (madeira) e o pavillón (estrutura espacial metálica). Tamén se aproveitará para renovar o local de filtración de piscinas e do seu equipamento, a adaptación da acometida eléctrica do edificio, a renovación de pavimentos de beirarrúas na contorna e acceso ao complexo.

Tendo en conta a necesidade desta intervención que, sen dúbida, vai ser positiva para os clubs deportivos que adestran nestas instalacións e tamén para as persoas usuarias que practican natación e outros deportes, cómpre ter unha planificación exhaustiva tanto para acurtar os tempos de execución deste proxecto, como para buscar espazos alternativos e ampliación de horarios noutras piscinas e equipamentos que lles dean servizo co obxectivo de que non interrompan a súa actividade cotiá nese período mentres duren as obras da reforma. Por outra parte, os clubs demandan estudar a posibilidade de compatibilizar algún do tempo que duren as obras con algunhas das actividades e abordar conxuntamente os prazos de execución para dificultar o menos posíbel a habitual práctica deportiva. Así, estiman positivo prever as datas de peche da piscina durante os meses do verán e os desprazamentos de deportistas a outras instalacións da zona. Na piscina do complexo deportivo Santa Isabel adestran na actualidade clubs de wáter-polo, natación e dous de triatlón, ademais doutras especialidades.

Este goberno socialista carece dunha planificación e a estas alturas xa tería que ter os espazos alternativos e unha folia de ruta sobre as obras, mais segue improvisando e non debería agardar practicamente ao comezo das obras a falar cos clubs.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, realizará unha planificación exhaustiva tanto para acurtar os tempos de execución do proxecto de reforma do complexo deportivo de Santa Isabel, como para buscar espazos alternativos e ampliación de horarios noutras piscinas e equipamentos -en colaboración coa USC, entidades privadas e outros concellos da contorna- que lles dean servizo co obxectivo de que non interrompan a súa actividade cotiá nese período mentres duren as obras da reforma. Por outra parte, o Concello de Santiago, co apoio técnico que se precise estudará se é factíbel compatibilizar algunha das fases da obra con algunha das actividades que se realizan na actualidade.”

Á presente proposición presenta emenda o grupo municipal de CA para facer engadido na parte final do acordo, e que é aceptada polo BNG.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda que o concello, a través dos

departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, realizará unha planificación exhaustiva tanto para acurtar os tempos de execución do proxecto de reforma do complexo deportivo de Santa Isabel, como para buscar espazos alternativos e ampliación de horarios noutras piscinas e equipamentos -en colaboración coa USC, entidades privadas e outros concellos da contorna- que lles dean servizo co obxectivo de que non interrompan a súa actividade cotiá nese período mentres duren as obras da reforma.

Por outra parte, o concello, co apoio técnico que se precise estudará se é factíbel compatibilizar algunha das fases da obra con algunha das actividades que se realizan na actualidade.

Igualmente, en relación co proxecto presentado para a reforma do pavillón municipal de Vite, o concello levará a cabo un proceso de diálogo cos clubs de hockey e patinaxe usuarios da instalación, coa finalidade de consensuar a actuación con eles e evitarlles prexuízos durante a execución das obras, buscando espazos alternativos e axeitados para a realización de adestramentos e competicións.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O INCREMENTO DE EFECTIVOS NOS CORPOS DE POLICÍA ACTUANTES NA CIDADE.

A proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu tratamento no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vai facer tres anos este mes de febreiro que o Pleno do Concello de Santiago, cos votos favorables dos grupos municipais Popular e Socialista, aprobaba unha iniciativa para o incremento de efectivos do Corpo da Policía Local na cidade.

Daquela instábase ao correspondente órgano do Concello a que, en primeiro lugar, “proceda a cumprir coa Lei e coa ratio recomendada para a Policía Local de 1,8 axentes/1.000 habitantes para atender ás veciñas e veciños”; e, en segundo lugar para que ese mesmo órgano do Concello “requira ao Goberno do Estado para que, con carácter excepcional e dada a singular natureza da cidade, cre unha taxa específica adicional por ampliación de servizos, en termos similares á taxa adicional prevista no artigo 19 da actual Lei de Orzamentos do Estado para 2018, de xeito que se poidan cubrir todas as prazas ata chegar á ratio recomendada ou, no seu caso, aumentala para atender a unha cidade con necesidades extraordinarias de aseguranza das funcións de policía”.

Un ano antes, ao final do anterior mandato en febreiro de 2019, o Pleno tamén se pronunciaba de forma maioritaria, coa única abstención do BNG, a favor dunha iniciativa do Partido Popular, sobre a reposición de efectivos policiais en Galicia e, de forma especial en Santiago de Compostela, para garantir as necesidades derivadas do Xacobeo.

Ao longo do tempo transcorrido desde estes acordos, e a pesar do incremento de funcións e actividades xeradas polo “dobro” Ano Santo, o número de policías presentes na nosa cidade unicamente sufriu un aumento significativo -aínda que

insuficiente- no corpo estatal: A policía local contaba en outubro de 2019 con 127 axentes e ata xaneiro de 2023 a cifra era de 130, moi por debaixo da ratio de 173 axentes que lle corresponderían pola súa poboación (un 25% menos). No relativo á Policía Nacional, con destino na Comisaría de Santiago, en outubro de 2019 había 216 axentes e en xaneiro de 2023, segundo datos do SUP, había 254. A pesar dese aumento, a cifra aínda supón un 8,6 menos dos 278 axentes contemplados na ratio fixada en 2007. Por último, tamén a Policía autonómica mantén un número menor de efectivos do recomendable, estimado nun 25% menos dos 500 contemplados no catálogo da unidade do Corpo Nacional unidade adscrita á Comunidade galega.

Mentres o número de efectivos policiais segue estando á baixa na nosa cidade, as estatísticas dos delitos na cidade continúan á alza. As estatísticas oficiais dos tres primeiros trimestres do 2022 -feitas públicas aínda recentemente- constatan que en nove meses o número de delitos (3.502) aproxímase xa á media anual rexistrada desde 2014 (3.539), o que presaxia un notable incremento no balance final de 2022, a pesar da presenza extraordinaria da Unidade de Intervención Policial (UIP) durante o Ano Xacobeo.

Xunto ao número de delitos acumulados nos últimos anos, a propia natureza dos rexistrados nas últimas semanas por violentas agresións nas rúas da cidade están a contribuír a un crecente clima alarma e de inseguridade entre boa parte da poboación, que demanda unha maior presenza policial que ofrezca confianza entre a cidadanía e poida disuadir a potenciais delincuentes, unha medida que, obviamente, non se poderá adoptar coas debidas garantías se non se dispón dun número suficientes de efectivos policiais.

Así, pois, tendo en conta as carencias mencionadas e as posibilidades que ofrece a coordinación, a complementariedade e a colaboración entre os diferentes corpos policiais na procura do obxectivo común de velar pola liberdade, a seguridade e a legalidade, o Grupo Popular presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO

1.- Que o Concello impulse, coa maior dilixencia e intensidade, os mecanismos necesarios para prover á maior brevidade as prazas vacantes existentes no Corpo da Policía Local por xubilacións e que, de forma simultánea, proceda a demandar do Ministerio competente en materia de política territorial e función pública a posibilidade de acadar o número de axentes necesario –cando menos os 173 que normativamente lle corresponderían- para afrontar con garantías os niveis de seguridade que demanda a cidade de Santiago de Compostela, como capital de Galicia e como centro espiritual e turístico de primeira orde a nivel mundial.

2.- Instar ao Ministerio do Interior do Goberno de España, a que valore a actualización do catálogo de prazas correspondente á Comisaría de Santiago e fixado en 2007 para elevar a ratio de efectivos e que, mentres tanto nas próximas convocatorias de novas prazas e de concurso de méritos continúe coa cobertura dun número suficiente de prazas vacantes de axentes da Policía Nacional, para atender as graves carencias de persoal que sofre a Comunidade Autónoma de Galicia, en especial a súa capital, Santiago de Compostela.”

3.- Instar ao Ministerio do Interior do Goberno de España a convocar con urxencia un concurso específico de méritos, para dotar cun mínimo de 75 novos efectivos á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia,

de xeito que se lle permita seguir desempeñando con garantías as súas tarefas actuais.

4.- Dar traslado deste acordo ao Goberno da Nación e á Xunta de Galicia.”

Presenta emenda transaccional en voz o grupo municipal do PSdeG-PSOE ao punto 1 do acordo que non é aceptada.

Así mesmo, tamén, se presenta por parte do Sr. Alcalde emenda en voz para que se figure no punto 2 do acordo “... comisaría superior ..”, que é aceptada polo PP.

Despois de ser aceptada a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

1. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA, 2 BNG e 1 N/A), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, que o concello impulse, coa maior dilixencia e intensidade, os mecanismos necesarios para prover á maior brevidade as prazas vacantes existentes no Corpo da Policía Local por xubilacións e que, de forma simultánea, proceda a demandar do Ministerio competente en materia de política territorial e función pública a posibilidade de acadar o número de axentes necesario – cando menos os 173 que normativamente lle corresponderían- para afrontar con garantías os niveis de seguridade que demanda a cidade de Santiago de Compostela, como capital de Galicia e como centro espiritual e turístico de primeira orde a nivel mundial.

2. Por 23 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA, do PSdeG-PSOE e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA, 9 PSdeG-PSOE e 1 N/A), e 2 abstencións correspondentes ás concelleiras do grupo municipal do BNG, instar ao Ministerio do Interior do Goberno de España, a que valore a actualización do catálogo de prazas correspondente á Comisaría de Santiago e fixado en 2007 para elevar a ratio de efectivos e que se clasifique como comisaría superior, e que mentres tanto nas próximas convocatorias de novas prazas e de concurso de méritos continúe coa cobertura dun número suficiente de prazas vacantes de axentes da Policía Nacional, para atender as graves carencias de persoal que sofre a Comunidade Autónoma de Galicia, en especial a súa capital, Santiago de Compostela.

3. Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA e 1 N/A), e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PSdeG-PSOE e 2 BNG), instar ao Ministerio do Interior do Goberno de España a convocar con urxencia un concurso específico de méritos, para dotar cun mínimo de 75 novos efectivos á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que se lle permita seguir desempeñando con garantías as súas tarefas actuais.

4. Por unanimidade, dar traslado deste acordo ao Goberno da Nación e á Xunta de Galicia.

Faise un receso na sesión cando son as 14:10, que se alonga ata as 16:05 horas.

Non se reincorpora á sesión o señor Sánchez-Brunete Varela.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A APROBACIÓN DUN PLAN ESPECÍFICO DE DIGNIFICACIÓN INTEGRAL DO BARRIO DE SAR E AS RÚAS DOS PEXIGOS.

A proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo da proposta é reclamar o cumprimento do acordo aprobado no Pleno en febreiro de 2022 relativo á posta en marcha dun Plan de dignificación integral do barrio de Sar, así como a execución de varias actuacións necesarias nas rúas dos Pexigos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En febreiro de 2022, o Grupo Municipal de Compostela Aberta trouxo a este mesmo Pleno unha Proposición para a aprobación dun plan específico de dignificación integral do barrio de Sar. Nesa iniciativa -aprobada cos votos a favor de todos os partidos menos o PSOE- expuxemos a necesidade de acometer unha serie de grandes actuacións, así como varias tarefas de mantemento e dignificación do barrio.

Eran acordos consensuados e dialogados coa veciñanza do barrio, e sobre os que en moitos casos xa existían proxectos redactados e aprobados polo Goberno municipal de Compostela Aberta: a remodelación do tramo pendente de Castrón D'Ouro; a intervención integral nas rúas Ponte de Sar, Cruceiro do Sar e Sandino (cun desvío do eixo da circulación viaria, para mellorar o entronque coa Rúa Diego Bernal para posibilitar o xiro do bus urbano e que contemplaba tamén a ampliación das beirarrúas e establecemento de espazos comunitarios, co fin de priorizar o peón e a vida veciñal sobre os vehículos); ou a creación dunha área deportiva e de estacionamento na parcela do campo de fútbol.

Tamén recollía a necesidade de pequenas intervencións de mantemento, como o arranxo de lousas; o control do estacionamento e da velocidade do tráfico en Castrón D'Ouro, Marcial Villamor Varela, Santas Mariñas, Picaños, Ponte do Sar e a rúa de Sar; o mantemento das pasarelas de madeira que cruzan o río; o arranxo da superficie do parque Marcial Villamor para evitar empozados de auga; o arranxo dos accesos ás Brañas de Sar; a supervisión das zonas de risco de inundación; e a posta en valor do patrimonio artístico e cultural.

Un ano despois, e pese á propaganda de futuras actuacións, a veciñanza volveu trasladar que as súas queixas seguen sen estar atendidas, e, en moitos casos, as deficiencias denunciadas foron a peor neste tempo. A limpeza do lavadoiro octogonal de Picaños, ante o deixamento de funcións do Goberno, tivo que ser realizada polas veciñas e veciños. A actuación para habilitar estacionamento no campo de fútbol empeorou a situación anterior.

Ante esta falta de compromiso vémonos na necesidade de esixir o cumprimento deste acordo plenario que, como tantos outros, foi ignorado polo Goberno municipal.

A maiores destas demandas, resulta tamén necesaria unha actuación noutro ámbito específico do barrio, como son as rúas do Pexigo de arriba, o Pexigo de abaixo, e

Entrepexigos. Estas rúas precisan dun proxecto de reurbanización integral, coa execución de novos pavimentos e canalizacións de servizos públicos, pois na actualidade o abastecemento de auga faise a través de tubaxes de fibrocemento, e a electricidade, telefonía e datos, mediante cables aéreos e transformadores eléctricos nas fachadas.

Se ben esta é unha actuación que precisa de planificación e non pode ser inmediata, si hai outras cuestións puntuais que o Goberno municipal, en diálogo coa veciñanza da zona, pode emprender se ten vontade política. Existe un problema de seguridade viaria, pois son rúas moi estreitas, en moitos dos seus tramos sen espazos peonís suficientes, con saída das vivendas directamente á calzada, e cun tráfico intenso en horarios determinados, especialmente os escolares. Por iso, é necesario considerar a limitación do paso de vehículos aos residentes das rúas, exercer máis control sobre o tráfico e o estacionamento, e tamén reforzar a sinalética no cruce entre as rúas do Pisón e do Pexigo de Arriba para evitar a circulación en dirección prohibida e para advertir de que a rúa Entrepexigos non ten saída. Outra demanda veciñal é o arranxo de varios puntos da rúa nos que o pavimento está deteriorado, polos continuos parcheados, o cal provoca tropezo e esvaramentos.

Tamén, en relación coa seguridade viaria, é necesario dar instrucións aos servizos de recollida de lixo para a retirada dos contedores situados nas inmediacións do parque da praza de Marcial Villamor Varela, que na actualidade están colocados sobre a beirarrúa, pese a teren espazo suficiente fóra dela.

Outra demanda das veciñas e veciños ten que ver co estacionamento, en dous aspectos de fácil intervención municipal. Por unha banda, piden a eliminación dos contedores soterrados da Praza Villamor Varela que non funcionan desde hai anos, e que o espazo que ocupan poida ser destinado a estacionamento para residentes. Por outra, reclaman a posta a disposición da veciñanza residente das prazas municipais do aparcamento soterrado da rúa do Olvido, aplicando criterios de renda e situación social.

Tendo en conta todo o anterior, e que o barrio de Sar necesita unha actuación integral e urxente, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario o seguinte

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de Goberno a:

Poñer en marcha o acordo plenario de febreiro de 2022 sobre o impulso e desenvolvemento dun plan específico para o barrio de Sar que afronte as demandas de levar adiante as grandes obras que aínda están pendentes (2ª fase de Castrón Douro, proxecto de reurbanización da Rúa do Sar e dotación de equipamento deportivo, estacionamento e sociocultural na parcela ZD-6) así como varias tarefas de mantemento e dignificación do barrio relativas á mellora de pavimentos, control do tránsito e do estacionamento, mantemento de mobiliario e das pasarelas sobre o río, etc..

Redactar un proxecto de reurbanización integral das rúas dos Pexigos de arriba, de abaixo, e de Entrepexigos, que inclúa a canalización e soterramento das redes de servizos e a mellora da pavimentación e accesibilidade en todo o ámbito.

Establecer nas tres rúas dos Pexigos, tras o necesario diálogo coa veciñanza, a limitación da circulación de vehículos de non residentes, como medida para garantir a seguridade viaria no ámbito.

Levar a cabo actuacións que incrementen as prazas de estacionamento para residentes na praza Marcial Villamor Varela, habilitando para este fin a zona dos contedores soterrados, e poñendo a disposición da veciñanza as prazas municipais dispoñibles no aparcadoiro da rúa do Olvido baixo criterios socioeconómicos.

Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo e veciñal para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación deste plan, recollendo as súas demandas e necesidades para todo o ámbito.”

Foi presentada á proposición transcrita emenda de modificacións dos puntos 3 e 4 por parte do grupo municipal do PP, que foi aceptada por CA, polo que o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 7 PP, 2 BNG e 1 N/A) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a:

Poñer en marcha o acordo plenario de febreiro de 2022 sobre o impulso e desenvolvemento dun plan específico para o barrio de Sar que afronte as demandas de levar adiante as grandes obras que aínda están pendentes (2ª fase de Castrón Douro, proxecto de reurbanización da Rúa do Sar e dotación de equipamento deportivo, estacionamento e sociocultural na parcela ZD-6) así como varias tarefas de mantemento e dignificación do barrio relativas á mellora de pavimentos, control do tránsito e do estacionamento, mantemento de mobiliario e das pasarelas sobre o río, etc..

Redactar un proxecto de reurbanización integral das rúas dos Pexigos de arriba, de abaixo, e de Entrepexigos, que inclúa a canalización e soterramento das redes de servizos e a mellora da pavimentación e accesibilidade en todo o ámbito.

Establecer nas tres rúas dos Pexigos, tras informe de mobilidade da Policía local e co necesario diálogo coa veciñanza, a limitación da circulación de vehículos de non residentes, como medida para garantir a seguridade viaria no ámbito.

Levar a cabo actuacións que incrementen as prazas de estacionamento para residentes na praza Marcial Villamor Varela e poñendo a disposición da veciñanza as prazas municipais dispoñibles no aparcadoiro da rúa do Olvido baixo criterios socioeconómicos.

Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo e veciñal para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación deste plan, recollendo as súas demandas e necesidades para todo o ámbito.

9. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00044712P.
DAR CONTA DA EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO DO CONCELLO ACUMULADA A 31/12/2022, ASÍ COMO DOS MOVEMENTOS DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON

ORZAMENTARIAS.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Dende 1 de xuño de 2021 as funcións relativas á contabilidade enumeradas no artigo 4.2 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional corresponden no Concello de Santiago de Compostela ao Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, entre as cales figura a enumerada no artigo 207 do TRLRFL.

CONSIDERACIÓNS

O artigo 207 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (de aquí en diante TRLRFL), establece:

“La intervención de la entidad local remitirá al Pleno de la entidad, por conducto de la presidencia, información de la ejecución de los presupuestos y del movimiento de la tesorería por operaciones presupuestarias independientes y auxiliares del presupuesto y de su situación, en los plazos y con la periodicidad que el Pleno establezca”.

En igual senso, a Regra 52 (“Elaboración”) da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local determina:

“1. En cumplimiento de lo previsto en el artículo 207 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Intervención u órgano de la entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad elaborará la información de la ejecución de los presupuestos y del movimiento y la situación de la tesorería, que debe remitir al Pleno de la Corporación, por conducto de la Presidencia, en los plazos y con la periodicidad que el Pleno haya establecido.

2. La Intervención u órgano de la entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad determinará la estructura de los estados que habrán de reflejar la información a que se refiere el apartado anterior, de acuerdo con lo establecido por el Pleno de la Corporación.

Establece de seguido a Regra 53 (“Contenido”) a estrutura da información a remitir o Pleno da Corporación nos termos seguintes:

“1. La información a que se refiere la regla anterior contendrá datos relativos a:

- a) La ejecución del presupuesto de gastos corriente
- b) La ejecución del presupuesto de ingresos corriente
- c) Los movimientos y situación de la tesorería.

2. La información sobre la ejecución del presupuesto de gastos corriente pondrá de manifiesto para cada aplicación presupuestaria, al menos el importe correspondiente a:

- a) Los créditos iniciales, sus modificaciones y los créditos definitivos.
- b) Los gastos comprometidos.
- c) Las obligaciones reconocidas netas.
- d) Los pagos realizados.

Asimismo, se hará constar el porcentaje que representan: los gastos comprometidos respecto a los créditos definitivos, las obligaciones reconocidas netas respecto a los créditos definitivos y los pagos realizados respecto a las obligaciones reconocidas netas.

3. La información sobre la ejecución del presupuesto de ingresos corriente pondrá de manifiesto para cada aplicación presupuestaria, al menos el importe correspondiente a:

- a) Las previsiones iniciales, sus modificaciones y las previsiones definitivas.
- b) Los derechos reconocidos netos.
- c) La recaudación neta.

Asimismo, se hará constar el porcentaje que representan: los derechos reconocidos netos respecto a las previsiones definitivas y la recaudación neta respecto de los derechos reconocidos netos.

4. La información sobre los movimientos y situación de la tesorería pondrá de manifiesto, al menos, los cobros y pagos realizados durante el período a que se refiera la información, así como las existencias en la tesorería al principio y al final de dicho período.

- a) Los créditos iniciales, sus modificaciones y los créditos definitivos.

Pola súa banda a Base 8ª de Execución do orzamento xeral vixente, establece:

1. O Órgano de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade enviaralle á Secretaría Xeral do Pleno con periodicidade trimestral o estado de execución dos orzamentos para que os poña a disposición dos concelleiros e concelleiras. Esta información facilitarase preferentemente utilizando medios electrónicos, telemáticos ou informáticos.

A información presentarase estruturada nos niveis de clasificación orgánica-programa-subconcepto no que respecta á execución do orzamento do Concello e a nivel de programa-subconcepto no que respecta á execución do orzamento do organismo autónomo Auditorio de Galicia.

2. Coa mesma periodicidade trimestral, Órgano de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade achegaralle á Secretaría Xeral do Pleno a información sobre as modificacións orzamentarias aprobadas pola Concellaría Delegada de Economía e Facenda e rexistradas na contabilidade municipal. Esta información consistirá nunha copia do decreto e un resumo da memoria para cada modificación orzamentaria.

PROPOSTA

En base ao exposto, **propoño ao Pleno da Corporación:**

Toma de coñecemento da información sobre execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2022 acumulada a 31/12, recollendo os citados estados:

a) a información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 31 de decembro de 2022.

b) un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.

c) o estado de tesouraría recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 31 de decembro de 2022.

Así mesmo, en cumprimento do antedito, remítese a información correspondente aos 3 primeiros trimestres do ano en curso, ordenados segundo a data de incoación, que a modo de resumo son os seguintes:

Nº Expediente	Data Contabilización	Descrición	importe	Observacións
2022-INCOR-01	03/02/2022	Incorporación de remanentes parcial 1	7.258.627,85 €	ASISTENCIA AO PLENO
2022-INCOR-03	17/02/2022	Expediente de incorporación de remanentes parcial 2	10.936.721,20 €	
2022-INCOR-04	02/03/2022	Expediente de incorporación de remanentes parcial 3	8.255.165,21 €	
2022-INCOR-05	30/03/2022	Expediente de incorporación de remanentes final	6.169.791,90 €	
2022-INCOR-06	10/06/2022	Expediente de incorporación de remanentes de saldos de comprometido do ano 2021 financiado co RLTX do 2021	2.344.490,83 €	
2022-INCOR-07	16/05/2022	Incorporación de remanentes para atender subvencións aprobadas e créditos extraordinarios do último trimestre 2021	1.686.263,47 €	
2022-INCOR-08	08/07/2022	Incorporación de remanentes saldos de comprometido para frs de 2022 de gastos 2021, financiado RLTX 2021	286.228,69 €	
2022-INCOR-09	30/06/2022	Expediente de incorporación de remanentes do proxecto RISGA do ano 2021	7.843,25 €	
2022-INCOR-10	13/10/2022	Expediente de incorporación de remanentes do proxecto 2020/2/OBCSC/18 financiado co RLTX 2021	32.763,45 €	
Subtotal incorporaciones de remanentes			36.977.895,65 €	
2022-TRANS-01	24/02/2022	TC para dar cobertura a necesidades de Persoal en tanto non entre en vigor o orzamento definitivo 2022		Anulada coa entrada en vigor do orzamento (1.545.402,41€)
2022-TRANS-02	22/04/2022	TC para dar cobertura a necesidades de Persoal, Tráfico e EDUSI.	80.517,10 €	
2022-TRANS-03	22/06/2022	Transferencia de crédito para actividades UAMI, financiada con baixas por anulación	20.000,00 €	
2022-TRANS-04	11/07/2022	TC dentro do departamento de Lingua galega para dar cobertura ás súas necesidades.	25.000,00 €	
2022-TRANS-05	11/07/2022	Expediente de transferencia de crédito para gratificacións do capítulo I de persoal	688.567,57 €	
2022-TRANS-06	20/07/2022	Transferencia de crédito para festas do Apóstolo 2022 financiada con baixas por anulación	40.000,00 €	
2022-TRANS-07	20/10/2022	Transferencia de crédito para gratificacións por servizos extraordinarios fóra do horario habitual de traballo ano 2022	535.000,00 €	
2022-TRANS-08	03/11/2022	Transferencia de crédito festas para actividades de nadal e imputación de gastos desenvoltos	260.000,00 €	
2022-TRANS-09	28/11/2022	Transferencia de crédito no proxecto 2018 3 EDUSI 2 para atender o pagamento da nómina de novembro	4.023,32 €	
2022-TRANS-10	15/12/2022	Transferencia de crédito para dar cobertura a diversas necesidades de persoal	500.000,00 €	
2022-TRANS-11	28/12/2022	Transferencia de crédito para dar cobertura a necesidades de persoal (produtividade)	508.351,61 €	

2022-TRANS-12	29/12/2022	Transferencia de crédito para a aprobación das novas tarifas pola xestión da pasarela de acceso á estación de autobuses	34.068,00 €	
Subtotal transferencias de crédito			2.695.527,60 €	
2022-XENER-01	27/01/2022	Xeración de crédito anualidade 2022 proxectos Emprego 2021 3 CREAS 21, 2021 3 SUSTE 21, 2021 3 RISGA 21 e 2021 3 MUVIO21 e EDUSI 20183EDUSI2		Anulada coa entrada en vigor do orzamento (728.328,45€)
2022-XENER-02	10/02/2022	Xeración de crédito no proxecto "SMARTIAGO" anualidade 2022 cofinanciamento achega GAIN.	35.472,07 €	
2022-XENER-03	24/05/2022	Xeración de crédito achega Xunta de Galicia para a adquisición de novidades editoriais en galego para bibliotecas municipais	2.745,09 €	
2022-XENER-04	08/07/2022	Xeración de crédito por subvención por mellora das coleccións bibliográficas (Programa B)	17.829,58 €	
2022-XENER-05	21/07/2022	Xeración de crédito por subvención da Xunta de Galicia para instalacións específicas de biorresíduos	65.775,60 €	
2022-XENER-06	01/07/2022	Xeración de crédito para reflectir a anualidade 2022 do novo programa de emprego RISGA	173.903,28 €	
2022-XENER-07	02/08/2022	Xeración de crédito para reflectir anualidade 2022 subv da ue para plataforma loxística no casco histórico de Santiago de Compostela	2.641.896,00 €	
2022-XENER-08	11/08/2022	Xeración de crédito por subvención NextGeneration Despregamento de SOC para o Concello compatible con ferramentas do CNN e actuacións complementarias	364.004,74 €	
2022-XENER-09	28/09/2022	Xeración de crédito por subvención Consellería de Presidencia para adquisición e dotación dun remolque de emerxencias e tenda de campaña	20.000,00 €	
2022-XENER-10	12/09/2022	Xeración de crédito para reflectir ampliación subv anualidade 2022 operación EDUSI ""Plataforma Electrónica""	480.000,00 €	
2022-XENER-11	12/09/2022	Expediente de xeración de crédito, anualidade 2022 do novo proxecto de obradoiro de emprego dual ""INNOBOSQUE""	142.795,24 €	
2022-XENER-12	04/11/2022	Xeración de crédito no proxecto 2022/2/PPROV/35 con base na subv. da Deputación no marco do plan POS+ Adicional 2/2022.	750.263,70 €	
2022-XENER-13	08/11/2022	Xeración de crédito para reflectir anualidade 2022 do novo programa de emprego MUVIO III	12.805,38 €	

2022-XENER-14	01/12/2022	Xeración de crédito para reflectir subv da UE no marco do PRTR para o proxecto ""obras no pazo de Raxoi""	3.000.000,00 €	
2022-XENER-15	01/12/2022	Xeración de crédito no proxecto 2020 2 PSTUR 61 para reflectir os ingresos do M.º Ind, Turismo e Comercio e Axenc Turismo de Galicia	1.900.000,00 €	
Subtotal xeracións de crédito			9.607.490,68 €	
2022-AMPLC-01	04/11/2022	Ampliación de crédito por execución subsidiaria derivados da orde de derruba no inmovible sito en Garcia Prieto 9-11	305.757,87 €	
Subtotal ampliacións de crédito			305.757,87 €	
Total modificacións orzamentarias 1º a 4º trimestre exercicio 2022			49.586.671,80 €	

O Pleno da Corporación:

Toma de coñecemento da información sobre execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2022 acumulada a 31/12, recollendo os citados estados:

- a) a información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 31 de decembro de 2022.
- b) un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.
- c) o estado de tesouraría recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 31 de decembro de 2022.

Así mesmo, en cumprimento do antedito, remítese a información correspondente aos 3 primeiros trimestres do ano en curso, ordenados segundo a data de incoación, que a modo de resumo son os seguintes:

Nº Expediente	Data Contabilización	Descrición	importe	Observacións
2022-INCOR-01	03/02/2022	Incorporación de remanentes parcial 1	7.258.627,65 €	ASISTENCIA AO PLENO
2022-INCOR-03	17/02/2022	Expediente de incorporación de remanentes parcial 2	10.936.721,20 €	
2022-INCOR-04	02/03/2022	Expediente de incorporación de remanentes parcial 3	8.255.165,21 €	
2022-INCOR-05	30/03/2022	Expediente de incorporación de remanentes final	6.169.791,90 €	
2022-INCOR-06	10/06/2022	Expediente de incorporación de remanentes de saldos de comprometido do ano 2021 financiado co RLTX do 2021	2.344.490,83 €	
2022-INCOR-07	16/05/2022	Incorporación de remanentes para atender subvencións aprobadas e créditos extraordinarios do último trimestre 2021	1.686.263,47 €	
2022-INCOR-08	08/07/2022	Incorporación de remanentes saldos de comprometido para frs de 2022 de gastos 2021, financiado RLTX 2021	286.228,69 €	
2022-INCOR-09	30/06/2022	Expediente de incorporación de remanentes do proxecto RISGA do ano 2021	7.843,25 €	
2022-INCOR-10	13/10/2022	Expediente de incorporación de remanentes do proxecto 2020/2/OBCSC/18 financiado co RLTX 2021	32.763,45 €	
Subtotal incorporaciones de remanentes			36.977.895,65 €	
2022-TRANS-01	24/02/2022	TC para dar cobertura a necesidades de Persoal en tanto non entre en vigor o orzamento definitivo 2022		Anulada coa entrada en vigor do orzamento (1.545.402,41€)
2022-TRANS-02	22/04/2022	TC para dar cobertura a necesidades de Persoal, Tráfico e EDUSI.	80.517,10 €	
2022-TRANS-03	22/06/2022	Transferencia de crédito para actividades UAMI, financiada con baixas por anulación	20.000,00 €	
2022-TRANS-04	11/07/2022	TC dentro do departamento de Lingua galega para dar cobertura ás súas necesidades.	25.000,00 €	
2022-TRANS-05	11/07/2022	Expediente de transferencia de crédito para gratificacións do capítulo I de persoal	688.567,57 €	
2022-TRANS-06	20/07/2022	Transferencia de crédito para festas do Apóstolo 2022 financiada con baixas por anulación	40.000,00 €	
2022-TRANS-07	20/10/2022	Transferencia de crédito para gratificacións por servizos extraordinarios fóra do horario habitual de traballo ano 2022	535.000,00 €	
2022-TRANS-08	03/11/2022	Transferencia de crédito festas para actividades de nadal e imputación de gastos desenvoltos	260.000,00 €	
2022-TRANS-09	28/11/2022	Transferencia de crédito no proxecto 2018 3 EDUSI 2 para atender o pagamento da nómina de novembro	4.023,32 €	
2022-TRANS-10	15/12/2022	Transferencia de crédito para dar cobertura a diversas necesidades de persoal	500.000,00 €	
2022-TRANS-11	28/12/2022	Transferencia de crédito para dar cobertura a necesidades de persoal (produtividade)	508.351,61 €	

2022-TRANS-12	29/12/2022	Transferencia de crédito para a aprobación das novas tarifas pola xestión da pasarela de acceso á estación de autobuses	34.068,00 €	
Subtotal transferencias de crédito			2.695.527,60 €	
2022-XENER-01	27/01/2022	Xeración de crédito anualidade 2022 proxectos Emprego 2021 3 CREAS 21, 2021 3 SUSTE 21, 2021 3 RISGA 21 e 2021 3 MUVIO21 e EDUSI 20183EDUSI2		Anulada coa entrada en vigor do orzamento (728.328,45€)
2022-XENER-02	10/02/2022	Xeración de crédito no proxecto "SMARTIAGO" anualidade 2022 cofinanciamento achega GAIN.	35.472,07 €	
2022-XENER-03	24/05/2022	Xeración de crédito achega Xunta de Galicia para a adquisición de novidades editoriais en galego para bibliotecas municipais	2.745,09 €	
2022-XENER-04	08/07/2022	Xeración de crédito por subvención por mellora das coleccións bibliográficas (Programa B)	17.829,58 €	
2022-XENER-05	21/07/2022	Xeración de crédito por subvención da Xunta de Galicia para instalacións específicas de biorresiduos	65.775,60 €	
2022-XENER-06	01/07/2022	Xeración de crédito para reflectir a anualidade 2022 do novo programa de emprego RISGA	173.903,28 €	
2022-XENER-07	02/08/2022	Xeración de crédito para reflectir anualidade 2022 subv da ue para plataforma loxística no casco histórico de Santiago de Compostela	2.641.896,00 €	
2022-XENER-08	11/08/2022	Xeración de crédito por subvención NextGeneration Despregamento de SOC para o Concello compatible con ferramentas do CNN e actuacións complementarias	364.004,74 €	
2022-XENER-09	28/09/2022	Xeración de crédito por subvención Consellería de Presidencia para adquisición e dotación dun remolque de emerxencias e tenda de campaña	20.000,00 €	
2022-XENER-10	12/09/2022	Xeración de crédito para reflectir ampliación subv anualidade 2022 operación EDUSI ""Plataforma Electrónica""	480.000,00 €	
2022-XENER-11	12/09/2022	Expediente de xeración de crédito, anualidade 2022 do novo proxecto de obradoiro de emprego dual ""INNOBOSQUE""	142.795,24 €	
2022-XENER-12	04/11/2022	Xeración de crédito no proxecto 2022/2/PPROV/35 con base na subv. da Deputación no marco do plan POS+ Adicional 2/2022.	750.263,70 €	
2022-XENER-13	08/11/2022	Xeración de crédito para reflectir anualidade 2022 do novo programa de emprego MUVIO III	12.805,38 €	

2022-XENER-14	01/12/2022	Xeración de crédito para reflectir subv da UE no marco do PRTR para o proxecto ""obras no pazo de Raxoi""	3.000.000,00 €	
2022-XENER-15	01/12/2022	Xeración de crédito no proxecto 2020 2 PSTUR 61 para reflectir os ingresos do M.º Ind, Turismo e Comercio e Axenc Turismo de Galicia	1.900.000,00 €	
Subtotal xeracións de crédito			9.607.490,68 €	
2022-AMPLC-01	04/11/2022	Ampliación de crédito por execución subsidiaria derivados da orde de derruba no inmobile sito en Garcia Prieto 9-11	305.757,87 €	
Subtotal ampliacións de crédito			305.757,87 €	
Total modificacións orzamentarias 1º a 4º trimestre exercicio 2022			49.586.671,80 €	

10. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00044712P.
DAR CONTA DA EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO “AUDITORIO DE GALICIA” ACUMULADA A 31/12/2022, ASÍ COMO DOS MOVEMENTOS DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

Dende 1 de xuño de 2021 as funcións relativas á contabilidade enumeradas no artigo 4.2 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional corresponden no Concello de Santiago de Compostela ao Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, entre as cales figura a enumerada no artigo 207 do TRLRFL.

CONSIDERACIONS

O artigo 207 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (de aquí en diante TRLRFL), establece:

“La intervención de la entidad local remitirá al Pleno de la entidad, por conducto de la presidencia, información de la ejecución de los presupuestos y del movimiento de la tesorería por operaciones presupuestarias independientes y auxiliares del presupuesto y de su situación, en los plazos y con la periodicidad que el Pleno establezca”.

En igual senso, a Regra 52 (“Elaboración”) da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de Contabilidade Local determina:

“1. En cumplimiento de lo previsto en el artículo 207 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Intervención u órgano de la entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad elaborará la información de la ejecución de los presupuestos y del movimiento y la situación de la tesorería, que debe remitir al Pleno de la Corporación, por conducto de la Presidencia, en los plazos y con la periodicidad que el Pleno haya establecido.

2. La Intervención u órgano de la entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad determinará la estructura de los estados que habrán de reflejar la información a que se refiere el apartado anterior, de acuerdo con lo establecido por el Pleno de la Corporación.

Establece de seguido a Regra 53 ("Contenido") a estructura da información a remitir o Pleno da Corporación nos termos seguintes:

"1. La información a que se refiere la regla anterior contendrá datos relativos a:

- a) La ejecución del presupuesto de gastos corriente.
- b) La ejecución del presupuesto de ingresos corriente.
- c) Los movimientos y situación de la tesorería.

2. La información sobre la ejecución del presupuesto de gastos corriente pondrá de manifiesto para cada aplicación presupuestaria, al menos el importe correspondiente a:

- a) Los créditos iniciales, sus modificaciones y los créditos definitivos.
- b) Los gastos comprometidos.
- c) Las obligaciones reconocidas netas.
- d) Los pagos realizados.

Asimismo, se hará constar el porcentaje que representan: los gastos comprometidos respecto a los créditos definitivos, las obligaciones reconocidas netas respecto a los créditos definitivos y los pagos realizados respecto a las obligaciones reconocidas netas.

3. La información sobre la ejecución del presupuesto de ingresos corriente pondrá de manifiesto para cada aplicación presupuestaria, al menos el importe correspondiente a:

- a) Las previsiones iniciales, sus modificaciones y las previsiones definitivas.
- b) Los derechos reconocidos netos.
- c) La recaudación neta.

Asimismo, se hará constar el porcentaje que representan: los derechos reconocidos netos respecto a las previsiones definitivas y la recaudación neta respecto de los derechos reconocidos netos.

4. La información sobre los movimientos y situación de la tesorería pondrá de manifiesto, al menos, los cobros y pagos realizados durante el período a que se refiera la información, así como las existencias en la tesorería al principio y al final de dicho período.

- a) Los créditos iniciales, sus modificaciones y los créditos definitivos.

Pola súa banda a Base 8ª de Execución do orzamento xeral vixente, establece:

1. O Órgano de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade enviaralle á Secretaría Xeral do Pleno con periodicidade trimestral o estado de execución dos orzamentos para que os poña a disposición dos concelleiros e concelleiras. Esta información facilitarase preferentemente utilizando medios electrónicos, telemáticos ou informáticos.

A información presentarase estruturada nos niveis de clasificación orgánica-programa-subconcepto no que respecta á execución do orzamento do Concello e a nivel de programa-subconcepto no que respecta á execución do orzamento do organismo autónomo Auditorio de Galicia.

2. Coa mesma periodicidade trimestral, Órgano de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade achegaralle á Secretaría Xeral do Pleno a información sobre as modificacións orzamentarias aprobadas pola Concellaría Delegada de Economía e Facenda e rexistradas na contabilidade municipal. Esta información consistirá nunha copia do decreto e un resumo da memoria para cada modificación orzamentaria.

PROPOSTA

En base ao exposto, **propoño ao Pleno da Corporación:**

Toma coñecemento da información sobre execución orzamentaria do OOAA Auditorio de Galicia do exercicio 2022 acumulada a 31/12, recollendo os citados estados:

a) a información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 31 de decembro de 2022.

b) un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.

c) o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 31 de decembro de 2022.”

O Pleno da Corporación:

Toma coñecemento da información sobre execución orzamentaria do OOAA Auditorio de Galicia do exercicio 2022 acumulada a 31/12, recollendo os citados estados:

a) a información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 31 de decembro de 2022.

b) un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.

c) o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 31 de decembro de 2022.

11. DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN COMISIÓNS.

Dáse conta do escrito presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, de designación dos/as seguintes representantes:

Consello Relacións Veciñais:

Titulares:

Dña. María Begoña Rodríguez Rodríguez

Dna. Mercedes Rosón Ferreiro
Suplentes: os/as demais concelleiros/as do grupo municipal.

Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos:

Titulares:
Dna. Mercedes Rosón Ferreiro
Dna. Milagros Castro Sánchez
Dna. María Begoña Rodríguez Rodríguez
Suplentes: os/as demais concelleiros/as do grupo municipal.

Consello sectorial de Medio Ambiente:

Titulares:
Dna. Mercedes Rosón Ferreiro
Dna. María Begoña Rodríguez Rodríguez
Suplentes: os/as demais concelleiros/as do grupo municipal.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 16 DE FEBREIRO DE 2023, DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIRA DELEGADA DO MEDIO RURAL E RELACIÓNS VECIÑAIS DA ZONA RURAL E MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO.

A resolución de data 16 de febreiro do corrente ano, núm. 2169/2023, ten o seguinte contido:

“O Concello de Santiago de Compostela, á parte da súa relevante parte urbana, conta cun importantísimo ámbito rural, tanto pola súa extensión como polo número de núcleos de poboación que acolle ou pola destacada porcentaxe de poboación que nel residen.

A importancia para Santiago de Compostela do seu rural quedou acreditada coa aprobación unánime pola Corporación Municipal do Pacto polo Rural o 21 de decembro de 2022.

Este ámbito rural ten unha natureza e características propias e particulares que demandan unha atención e tratamento diferenciado das súas necesidades, polo que resulta conveniente crear unha Concellería Delegada do Medio Rural para o fin exposto.

En exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (BOP do 6 de marzo de 2012).

RESOLVO:

Primeiro. Nomear Delegada desta Alcaldía, coas facultades de dirección e xestión dos servizos que se sinalan, á concelleira que se nomea:

CONCELLARÍA DO MEDIO RURAL E RELACIÓN VECIÑAIS DA ZONA RURAL, a dona María Begoña Rodríguez Rodríguez, con competencias en Medio Rural e en materia de relacións veciñais na zona rural.

Segundo. A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:

- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e concellería da súa competencia.
- Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.
- Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos para acadar a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.
- Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
- Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.
- A concelleira terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, podendo ditar os actos administrativos correspondentes, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.

A sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas será efectuada polo Alcalde.

- Delégase a facultade de representación desta Alcaldía para a petición, tramitación e aceptación de subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno Local ou a outros órganos municipais.
- Delégase así mesmo a competencia da potestade sancionadora que poida corresponder a esta Alcaldía dentro do ámbito material das súas competencias.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Terceiro. Nomear como membro da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago a dona María Begoña Rodríguez Rodríguez.

Cuarto. Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.”

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das seguintes resolucións da Alcaldía e concellarías delegadas do 5 de xaneiro ao 16 de febreiro 2023.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2023/00001882R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16 de xaneiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00003328K

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de xaneiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00004196S

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de xaneiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00004528W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 27 de xaneiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00004425Z

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30 de xaneiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00005569P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 3 de febreiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00005435N

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00006325M

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 9 de febreiro de 2023.

14. COMPARECENCIA DO ALCALDE.

Á vista do acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria do pasado mes de xaneiro, comparece o señor alcalde.

15. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN.

Rogos:

1. Formulado por CA para garantir a menor afectación aos lugares de Porto de Conxo e Cruxeiras polas obras da SC-20.
2. Formulado polo BNG para realizar unha regulación e control das zonas de estacionamento na rúa Banquete de Conxo.
3. Formulado polo BNG para resolver o problema de inundacións do río Sar na Ponte de Suarribas.
4. Formulado polo PP para realizar labores de limpeza nas placas informativas das rúas e outros elementos do espazo público.
5. Formulado polo PP para a mellora do firme no cruce das rúas Escultor Camilo Otero e María Miramontes e a colocación dun colector de vidro.

6. Formulado polo PP para unha posible remodelación da illa viaria deseñada na praza do Carballal, na parroquia de Vilvestro.
7. Formulado por CA sobre as demandas da ANPA do CEIP Raíña Fabiola.
8. Formulado por CA sobre o adecentamento das beirarrúas do Camiño Francés ao seu paso polo barrio de San Lázaro.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada por CA sobre as novas iniciativas e políticas públicas de promoción turística presentadas en FITUR.
2. Formulada polo BNG en relación a asignación de postos para o colectivo de persoas artesás.
3. Formulada polo BNG en relación a inclusión dun plan de mellora das obras de Vista Alegre.
4. Formulada polo BNG para proceder á sinalización da ruta cultural e ambiental en Barciela e Marantes.
5. Formulada por CA sobre o control da calidade do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria.
6. Formulada polo PP sobre os investimentos destinados ao rural dentro do POS da Deputación.
7. Formulada polo PP sobre a auditoría e o Plan director coas actuacións, orzamentos e prioridades a executar nas instalacións deportivas municipais.
8. Formulada polo PP sobre as medidas adoptadas polo goberno local para mellorar a curto prazo as carencias de aparcamento na contorna do CHUS.
9. Formulada polo concelleiro non adscrito sobre a obra da senda na finca do Psiquiátrico de Conxo na marxe do río Sar para os accesos ao Banquete de Conxo.

Preguntas resposta escrita:

1. Formulada polo PP sobre contratación dun Foro de Turismo Sostible.
2. Formulada por CA sobre o alugueiro dun inmovible da empresa Desproi.
3. Formulada polo PP sobre Cabalgata de Reis.
4. Formulada polo PP sobre a promoción da cidade na rodaxe Honeymoon.
5. Formulada polo PP sobre gastos con cargo ao orzamento por mor da manifestación do 12 de febreiro.
6. Formulada polo BNG sobre a mala situación dos parques infantís.

Despois de debaterse a pregunta escrita núm. 4 faise un receso cando son as 18:25, que se alonga ata as 18:50 horas, e a concelleira dona Marta Abal xa non se reincorpora á sesión.

16. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas e tratadas na presente sesión teñen o seguinte contido:

MOCIÓN DE CA POLA REDACCIÓN URGENTE DUN PLAN ESTRATÉXICO DA CULTURA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector cultural de Santiago de Compostela precisa dun Plan Estratéxico da Cultura para poder proxectarse cara ao futuro. Precisamos activar estratexicamente a planificación da cultura municipal para preservar numerosos proxectos históricos sen esquecer abrir campo aos novos que veñen con forza e garantir o relevo xeracional. Hoxe todos somos conscientes de que as circunstancias conxunturais non favorecen o desenvolvemento do dereito á cultura na súa dimensión dupla de acceso e participación da cidadanía.

Sexamos non a primeira, foi Ferrol, senón a segunda cidade galega que elabore un Plan Estratéxico da Cultura Municipal que naza dunha avaliación consensuada por axentes sociais e culturais, que reflicta a diversidade das miradas desde os ámbitos público, privado e asociativo; que comparta un mapa cultural da cidade e oriente as políticas públicas no actual contexto de crise. Esta moción propón un pacto pola cultura municipal para aumentar as nosas capacidades de compartir os alicerces da estratexia que debe impulsar a nosa cultura na cidade do futuro.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta considera que a política cultural debe sustentar a toma de decisións en datos, debe coñecer, recoller, compilar, xerar, compartir e comparar datos. Sen datos tomamos decisións cegas e non podemos medir nin comparar resultados. Imos rematar o presente mandato sen un Informe Municipal da Cultura actualizado que transparente a situación do sector e facilite a toma de decisións dos entes culturais na cidade.

A pasada semana publicouse o informe "Lo mejor de la cultura 2022" da Fundación Contemporánea que, independentemente das melloras que poida ter a metodoloxía, dito informe elaborado pola antedita entidade, está considerado un barómetro das políticas culturais das cidades de referencia no nivel estatal. É manifestamente preocupante que sendo a capital do país e a cidade cultural de referencia do mesmo, non deixemos de perder postos cunha baixada interanual de case 4 puntos de media neste mandato respecto do anterior, precipitándonos, no escalafón do mesmo, a entrada no *top ten* que conseguimos no anterior mandato (2016) ou o posto 11 en 2019, e incrementándose notablemente a distancia negativa coa capital de provincia.

Mais en Galicia, foi Ferrol a cidade pioneira en elaborar un plan estratéxico que vén de publicar cos seguintes obxectivos:

- a. Imprimir orde e racionalidade na acción cultural municipal, seleccionando un conxunto equilibrado de programas e accións culturais que deben ser viables economicamente, factibles en termos administrativos e consistentes desde un punto de vista técnico.
- b. Integrar na maior medida posible a pluralidade de voces, perspectivas, intereses e sensibilidades da sociedade da cidade no que atinxe ao eido cultural, mediante o uso de técnicas participativas de planificación.
- c. Dotar de continuidade á acción cultural municipal alén dos ciclos electorais, de tal forma que determinados proxectos de longo alento, que precisan dun período de maduración amplo, poidan xerminar e dar froitos.

Compostela Aberta concorda con estes obxectivos e considera imprescindible a elaboración dun instrumento de ordenación consensuada das prioridades da política municipal de Santiago a medio prazo, é dicir, cun período que exceda o ciclo electoral para acadar unha estabilidade alén das mudas no goberno da cidade.

Polo antedito, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte **ACORDO**:

Que o goberno municipal encargue con urxencia a redacción do I Plan Estratéxico da Cultura de Santiago de Compostela.

MOCIÓN DO BNG PARA INSTAR Á XUNTA A ADQUIRIR OS EDIFICIOS DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E ENFERMARÍA PARA DESTINALOS Á ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a modificación do planeamento urbanístico para permitir e consolidar o uso educativo na parcela en que están na actualidade unha parte das facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría, a catalogación e protección destes inmóbeis e a negociación coa Xunta de Galiza para a compra e rehabilitación destes edificios para acoller a sede da Escola Oficial de Idiomas cando esas facultades se trasladen ao campus sur.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos véñse falando de que a USC decidiu vender os edificios -e a conseguente parcela- de Ciencias da Educación e de Enfermaría, situados na avenida de Xoán XXIII.

Esta parcela, con referencia catastral 7484803NH3478C, ten na actualidade uso principal hoteleiro en OE-6 e uso compatíbel comercial que debe modificarse o máis axiña posíbel para garantir que existan, nas proximidades da cidade histórica, espazos vinculados a servizos que se presten para persoas residentes, para o conxunto da poboación da comarca de Compostela e para que se manteña a función educativa. Estas decisións transcendentales poden provocar mudanzas relevantes na recuperación da vitalidade da cidade histórica, porque é precisa unha cidade configurada para as persoas que residen aquí, fronte á liña de expulsar do centro todo aquilo que lle dá vida no día a día.

O Concello puxera a disposición da Xunta no barrio de Santa Marta unha parcela de 6.200 m2 para construír a nova Escola Oficial de Idiomas, mais que xa non está dispoñíbel, para alén de ser un lugar bastante distante do centro e, por tanto, menos acaído desde a aposta por revitalizar o centro da cidade no seu día a día; era unha superficie inferior aos 8.948 metros cadrados da que actualmente acolle as facultades de Ciencias de Educación e de Enfermaría.

Para alén da necesaria modificación para que teña uso educativo esa parcela, o BNG e persoal técnico municipal estiman que cómpre catalogar e protexer eses inmóbeis, de maneira particular as súas fachadas.

O Concello pode promover que eses edificios e a correspondente parcela sexan adquiridos e rehabilitados pola Xunta de Galiza, coa colaboración doutras administracións se for preciso, para situar aí o prometido edificio da Escola Oficial de Idiomas.

Cómpre lembrar que cando a Escola Oficial de Idiomas cumpriu 20 anos houbo un compromiso público da Xunta e do Concello para solucionar as demandas históricas que o BNG leva anos a reivindicar no ámbito municipal e no Parlamento galego.

O 19 de outubro de 2017 aprobouse no Pleno unha declaración institucional para reclamarlle á Xunta a construción do novo edificio da Escola Oficial de Idiomas, xa que as instalacións actuais resultan insuficientes para a demanda existente.

Ademais, as condicións actuais deste centro incumpren o Decreto 81/2018 de 19 de xullo de 2018 das ensinanzas de idiomas de réxime especial en Galiza, que determina as características das instalacións e recursos docentes. Así, evidénciase a falta de sala multimedia de 120 metros cadrados con 30 postos informáticos fixos conectados en rede; sala de usos múltiples de, como mínimo, 100 postos, con acústica, acondicionamento técnico e escenario apropiados para diversas actividades; illamento acústico das aulas e o feito de non estar nun único edificio habilitado.

Santiago de Compostela é unha cidade universitaria, con alta afluencia de turismo estranxeiro e cabeceira de comarca. Mais por esta carencia de espazo na Escola Oficial de Idiomas, só se poden impartir sete linguas, cando hai demanda doutros chinés, de xaponés, de ruso, de árabe que non se poden ofrecer. Os datos de alumnado son relevantes, 3005 alumnos/as oficiais, sen contar co alumnado libre, distribuído este curso en 2427 en Vite e 578 en Sar.

Deste xeito, de emprazarse na avenida de Xoán XXIII, a Escola Oficial de Idiomas pode ser un importante elemento de dinamización, crear sinerxías coa biblioteca Ánxel Casal e co CEIP López Ferreiro, e favorecer a recuperación da zona histórica con residentes.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a impulsar un cambio do uso hoteleiro a educativo na parcela 7484803NH3478C de Xoán XXIII que actualmente acolle as facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría.
2. O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a catalogar e protexer os edificios, ou cando menos as fachadas, que actualmente acollen as facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría.
3. O Pleno insta á Xunta de Galiza, xunto con outras administracións se for preciso, a comprarlle á USC e rehabilitar os edificios que actualmente acollen as facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría, cando estas se despracen ao campus sur, co fin de adecuar as instalacións para acoller a Escola Oficial de Idiomas.

MOCIÓN DO BNG PARA A MELLORA DOS ESPAZOS PÚBLICOS, A REORDENACIÓN DO TRÁFICO, APARCADOIROS E O CAMBIO DE EMPRAZAMENTO DOS COLECTORES DE RESIDUOS EN SABUGUEIRA.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para atender as demandas da veciñanza de Sabugueira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Sabugueira reclama un cambio da rotonda para o centro do cruce das instalacións de Correos, para contribuír a reducir a velocidade do tráfico neste núcleo rural e conectar as distintas vías de comunicación, coa correspondente reurbanización da zona con beirarrúas e unha reserva de espazo para facer unha praza pública. Así, poderíanse conectar lugares como O Noval, San Paio e As Quenllas desde a propia rotonda e facilitar os accesos e a sinalización.

Segundo explica a veciñanza, o Concello recibe arredor de 1,2 millóns de euros anuais de IBIU e de IAE do aeroporto de Lavacolla – Rosalía de Castro, xunto co IBI das vivendas, que non se traducen en compensacións para mellorar a calidade da veciñanza en Sabugueira. En concreto, referíronse á débeda histórica en canto á falta de saneamento nas vivendas desta parroquia, cando as instalacións do aeroporto e de Correos están conectados á rede, o que consideran un agravio comparativo.

Lembran o escaso pago que recibiron pola expropiación dos terreos cando se construíu o aeroporto, os condicionantes urbanísticos que implica a súa proximidade, a repercusión da alta afluencia de tráfico, a contaminación acústica e a invasión de vehículos foráneos que aparcen neste lugar, entre outros problemas.

Ademais, reclaman un cambio de emprazamento dos colectores novos porque os instalaron sobre unha cuneta, cun desnivel costa abaixo, e obrigan á veciñanza a cruzar coas bolsas de lixo, cartóns, envases e botellas nas proximidades dunha rotonda cunha alta densidade de tráfico de camións que saen das instalacións de Correos, o que supón un perigo grave de seguranza viaria, posto que o núcleo de poboación está da outra beira da estrada e nin sequera hai paso de peóns. Desde que o BNG denunciou esta situación por fin se fixo unha visita á zona na procura dun mellor emprazamento para os novos colectores, unha demanda que se reitera en numerosos puntos do territorio compostelán.

Outra das medidas que propoñen é que se libere o espazo público de coches e furgonetas de persoal de Correos, que impiden o seu uso por parte da veciñanza. Correos ten que habilitar un espazo propio para deixar os seus vehículos e os dos seus traballadores e traballadoras, polo que cómpre reordenar o tráfico e a zona de aparcadoiro nesa área.

Reclaman tamén a poda de árbores do espazo público que están a causar problemas polo seu elevado tamaño e, recentemente, algunha delas caeu debido ao temporal. Isto ten consecuencias porque coa caída da folla tupen as canles por onde discorre a auga e provocan inundacións e balsas de auga na estrada cando chove.

Representantes veciñais solicitaron unha reunión co alcalde no mes de novembro, despois de lle enviar diversas comunicacións, e aínda non os recibiu nin lles contestou, segundo explicaron.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local do Concello de Santiago atenderá as demandas da veciñanza de Sabugueira en canto á mellora dos espazos públicos, a reordenación do tráfico co cambio da rotonda de Correos, o traslado dos colectores de residuos, a podas de árbores e a construción de beirarrúas.

MOCIÓN DO BNG PARA TRASLADAR Á FISCALÍA O EXPEDIENTE DA CONTRATACIÓN IRREGULAR COA EMPRESA DESPROI QUE ABRIU UNHA CRISE DE GOBERNO LOCAL.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para trasladar á Fiscalía o expediente de contratación irregular coa empresa Desproi que abriu unha crise de Goberno local coa dimisión dun concelleiro do grupo socialista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de se coñeceren nas últimas semanas novos datos sobre a contratación irregular dunha nave por parte do Concello de Compostela, que darían lugar a que o alcalde de Santiago asinase un contrato cun alto cargo da UGT e de Unións Agrarias, fican aínda moitas incógnitas sen resolver e, sobre todo, varias constatacións de ter o goberno local mentido á poboación ou silenciado a súa responsabilidade directa nalgúns dos feitos que rodean este turbio proceso.

Se o alcalde soubo antes de que o BNG o preguntase no pleno de xaneiro e de que outros grupos políticos o denunciasen publicamente a existencia dunha débeda da empresa co Concello, por que non o fixo público nese mesmo momento? Por transparencia e honradez, a poboación compostelá precisa respostas a moitas interrogantes que rodean un caso de falta de transparencia e democracia.

O BNG considerou desde o inicio que debería ser o propio Goberno quen trasladase este expediente á Fiscalía. Existen antecedentes no propio Concello de comisións de investigación internas de cuxo labor se rematou trasladando expedientes á Fiscalía. Tendo en conta a falta de tempo neste mandato para realizar esa comisión de investigación, por transparencia co conxunto da poboación xulgamos imprescindible que desde o propio Concello se poña a disposición da Fiscalía o conxunto do expediente sobre a nave contratada a Desproi. Esa será a única maneira de garantir que o exame desta documentación constate que se deriven -ou non- as responsabilidades pertinentes a nivel xudicial, sen que iso signifique a falta de necesidade de que se adopten as medidas precisas respecto das responsabilidades políticas que puidese haber.

De feito, aínda fican preguntas por responder, cuxa contestación a veciñanza debe coñecer, como as seguintes:

1. Pode unha empresa desenvolver a súa actividade sen licenza de actividade? É lícito que se conceda a licenza de actividade por silencio administrativo?
2. Conta Desproi con informe de prevención de riscos para desenvolver a actividade que lle encomendou o Goberno local do PSOE no Polígono de Costa Vella?
3. Cales son os motivos polos que o Goberno local do PSOE desbotou trasladar os servizos de Medio Rural e de Parques e Xardíns a instalacións públicas municipais cando escolleu as instalacións de Desproi, tendo en conta que esa posibilidade era factíbel e supuña un aforro económico para as arcas municipais?
4. Por que non se lle pediu a Desproi a documentación de estar ao corrente coas administracións públicas, como se lles esixe a empresas e particulares para obter axudas ou contratar co Concello?

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da Corporación de Santiago de Compostela trasladará á Fiscalía, no prazo dun mes, o expediente de contratación e toda a documentación relacionada á empresa Desproi cando estaba vinculada a un membro do Goberno local, co obxectivo de esclarecer o acontecido e de que se adopten as responsabilidades xudiciais que correspondan se as houber.

MOCIÓN DO BNG DO 8M PARA ADOPTAR MEDIDAS PARA LOITAR CONTRA A POBREZA FEMININA, REDUCIR A PRECARIIDADE LABORAL E FOMENTAR A CONCILIACIÓN, CUN CONTROL DAS EMPRESAS CONCESIONARIAS DE SERVIZOS MUNICIPAIS.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción do 8M, Día internacional das mulleres, para adoptar medidas para loitar contra a pobreza feminina, reducir a precariedade laboral e fomentar a conciliación, cun control das empresas concesionarias de servizos municipais para que cumpran os pregos e os contratos en materia de conciliación e, ademais, fomentar a participación social coa recuperación do Consello municipal das mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder, como no cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou do intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas -grazas á loita feminista- é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados,

recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, con perspectiva de xénero.

Para o Concello de Santiago de Compostela promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

De feito, en Santiago de Compostela existe unha fenda de xénero en emprego. Cos datos de paro de xaneiro de 2022, había 2782 mulleres e 2246 homes, un ano despois cuantitativamente redúcese o paro mais a descompensación de xénero está nas mesmas porcentaxes, pois en 2023 hai 2501 mulleres e 2083 homes. Por tanto, unha redución de paro con políticas que non son adecuadas, non levan a reducir a porcentaxe de paro feminino que continúa incrementándose e dando lugar a esa esfera de precariedade laboral e feminización da pobreza.

Ademais, é necesario que se incorporen cláusulas sociais efectivas na contratación pública, non só para contratar mulleres, tamén para favorecer a contratación de empresas que destaquen por desenvolver políticas a favor da igualdade e da conciliación.

Como exemplo, no último prego de recollida e tratamento de lixo aparecían medidas de conciliación que hai que implementar, que non se están a cumprir, pois unha traballadora de Urbaser denunciou recentemente que a empresa lle denegou unha mudanza horaria por causa de conciliación.

Tamén debe controlar outro caso como o acontecido coas traballadoras do SAF para que poidan cobrar o incremento do IPC, solucionar os problemas de zonificación e o cumprimento de horarios, como foi aprobado en Pleno de xaneiro nunha moción do BNG. Así, o goberno local debe desenvolver un control das concesionarias para que o que figura nos pregos e no contrato que se cumpra.

Cómpre desenvolver un plan de loita contra a pobreza feminina, que empeza por combater a precariedade laboral e con cifras de exclusión que son moi elevadas nos fogares monoparentais, formados maioritariamente por mulleres, e que chegan ao 54%. Polos datos da Rede contra a pobreza, en Galiza se incrementou a pobreza severa nas mulleres, que chega ao 9%. Cómpre un plan específico feito desde o Concello, para incluír nas disposicións de subvencións que se favorezan que eses fogares monoparentais e para que as mulleres traballadoras poidan reducir as fendas de paro e de salario.

Outro punto é necesario é fomentar a participación social coa recuperación do Consello municipal das mulleres, creado a instancias da concelleira de Igualdade Encarna Otero, que se aprobou o 27 de xullo do ano 2000, mais pasou un longo período que non foi convocado. Contén un regulamento con reunións de traballo que atende cuestións que 20 anos despois seguen sendo centrais sobre formación, emprego e relacións laborais; violencia de xénero e imaxe social; saúde e sexualidade; atención social e reparto de responsabilidades; cultura e educación.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. A Corporación do Concello de Santiago de Compostela mostra o seu apoio ás mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. A Corporación do Concello de Santiago comprométese a adoptar medidas para loitar contra a pobreza feminina, reducir a precariedade laboral e fomentar a conciliación, cun control das empresas concesionarias de servizos municipais para que cumpran os pregos e os contratos en materia de conciliación e, ademais, fomentar a participación social coa recuperación e convocatoria do Consello municipal das mulleres.

MOCIÓN DO PP PARA O IMPULSO DO COLECTOR XERAL DO RÍO SARELA E O INICIO DAS OBRAS DA NOVA EDAR.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Sarela e os terreos da súa ribeira constitúe un espazos naturais máis definitorios e de máis valor do noso Concello, tanto desde o punto de vista ambiental, como paisaxístico, histórico e patrimonial. Xunto co río Sar, forma parte esencial da vida da nosa cidade e arredor deles desenvolveuse desde antigo unha importante actividade económica que, co paso dos anos, deu paso a unha maior conciencia do seu valor natural e centro de lecer para cidadanía. Ese papel fundamental do “corredor do Sarela” aparece recollido na Axenda 2030 que o cualifica como un dos grandes elementos estruturantes das zonas verdes da cidade ao que se ligan actuacións de futuro como o Parque Xardín Botánico, o Parque Deportivo Universitario de Poza de Bar, a Finca do Espiño ou o ámbito A Torreira-Sarela.

A diferenza do acontecido co río Sar, que foi obxecto ao longo de anos dunha actuación en profundidade por parte do Goberno do Estado para evitar os vertidos á súa canle coa construción do colector xeral, o río Sarela segue agardando pola licitación e execución dun proxecto para a construción dun colector xeral que poña fin ao deterioro ambiental que sofren as súas augas, logrando o seu pleno saneamento.

O proxecto para o colector interceptor do Sarela ten unha longa historia que se remonta, cando menos ao ano 1991, cando o Concello de Santiago e o Ministerio de Obras Públicas asinan un convenio para executar os colectores do Sar e o Sarela, un proxecto que sería incluído no Plan Hidrolóxico Nacional aprobado en 2001 como obra de interese xeral, xunto coa EDAR de Santiago.

Mentres o colector do Sar foi superando as distintas fases ao longo dos anos ata o seu definitivo remate no ano 2015, o colector do Sarela segue agardando a día de hoxe pola licitación, adxudicación e inicio das súas obras.

Desde que en 2009 o daquela Ministerio de Medio Ambiente iniciara o procedemento de contratación da redacción do primeiro proxecto para a súa construción, os traballos marcados pola lentitude e a demora apenas pasaron do papel.

A finais de 2014, o proxecto redactado para a conca baixa do Sarela (clave 01.315.0321/2111/ Orzamento: 11.624.247 IVE excluído) sométese a información pública coa relación de bens afectados para a expropiación, recibindo alegacións do Concello que farían necesaria a modificación do proxecto. A finais de 2016, o Ministerio -agora de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente- contrata a asistencia para a modificación do proxecto, que se remataría en 2018. O novo proxecto recibiría alegacións da Dirección de Patrimonio da Xunta e do propio Concello que serían incluídas no prego de prescricións técnicas para a adaptación do proxecto que en 2019 abordaría o Ministerio de Transición Ecolóxica. Este proxecto para a conca baixa do Sarela foi sometido á declaración de impacto ambiental que foi publicada o 23 de xuño de 2022 e desde entón non se teñen noticias da licitación previa á adxudicación das obras.

No relativo ao proxecto para a conca alta do Sarela (clave 01.315-0332/2111 // Orzamento: 15.792.600 IVE excluído), a finais de 2015 foi licitada a súa redacción e o contrato sería formalizado en agosto de 2016, cun prazo de oito meses. O proxecto redactado, xunto coa declaración de bens e dereitos afectados foi sometido a información pública en abril de 2022. Desde entón non consta ningún novo trámite que concluíra na licitación.

Polo tanto, despois de 32 anos daquel convenio entre o Concello e o Ministerio de Obras Públicas e 8 anos despois do remate das obras do colector xeral do Sar, o colector do Sarela aínda agarda pola licitación que permita iniciar, cando menos, o tramo pertencente á conca baixa, o primeiro en ser redactado e o máis próximo á confluencia co río Sar, cunha extensión de 2,7 km desde a zona de Galeras ata Os Chouchiños, nas proximidades do CHUS.

Cómpre, pois, avanzar na culminación do saneamento integral da cidade con este colector xeral que virá a completar a condución da totalidade dos vertidos de augas residuais á nova estación depuradora. Unha instalación esta da EDAR na que, a pesar de ter adxudicado o contrato para o proxecto e obra desde xuño de 2021, cun prazo de execución de 45,5 meses, aínda non comezaron as obras, tendo superado amplamente os fitos comprometidos no contrato en relación coa redacción, supervisión e aprobación do proxecto. Segundo o cronograma contractual, a depuradora debería iniciar a súa execución antes de rematar o primeiro trimestre de 2022.

Polo tanto, á vista destas consideracións, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago insta ao Goberno do Estado a axilizar a licitación e execución das obras do colector xeral do río Sarela e a acelerar os trámites pendentes para iniciar a construción da nova EDAR de Santiago de Compostela.

MOCIÓN DO PP PARA O APOIO DA REVISIÓN DA LEI ÓRGANICA 10/2022, COÑECIDA POPULARMENTE COMO A “LEI DO SÓ SI É SI”

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 6 de setembro pasado entrou en vigor a Lei Orgánica 10/2022, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida popularmente como a “lei do só si é si”. Nesta lei introdúcese unha substancial modificación na cualificación dos delitos contra a liberdade sexual, que pasan a ser todos considerados agresión sexual, cando con anterioridade dividíanse, en función da súa gravidade, en abusos sexuais ou agresións sexuais.

As penas nas que se subsumen estes feitos delituosos especialmente lesivos para as mulleres e menores víronse reducidas para dar cabida a delitos de menor envergadura. Esta circunstancia implica que moitos dos condenados por isto tipo de feitos poidan acollerse a unha redución das súas penas, ás que se aplica a prevalencia da norma máis favorable para o reo do artigo 2.2 do Código penal.

Esta situación é especialmente grave se temos en conta que o Consello Xeral do Poder Xudicial, no seu informe ao anteproxecto, avisou ao Ministerio do que ocorrería: “a redución dos límites máximos das penas comportará a revisión daquelas condenas nas que se impuxeron as penas máximas conforme á regulación vixente”.

A Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial emitiu un comunicado o 16 de novembro de 2022 expoñendo que “este Consello Xeral do Poder Xudicial, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 599.1.12ª da Lei Orgánica do Poder Xudicial, emitiu o 25 de febreiro de 2021 o correspondente informe sobre o anteproxecto de Lei Orgánica de Garantía Integral da Liberdade Sexual, que foi aprobado por unanimidade”. E reiterou o indicado antes da súa aprobación: “o informe, que foi remitido ao prelexislador, constataba que o cadro penolóxico contemplado no anteproxecto para os delitos de agresións sexuais tipificados nos capítulos I e II do título VIII do Código penal supoñía unha redución do límite máximo dalgúñas penas e concluía que ‘a redución dos límites máximos das penas comportará a revisión daquelas condenas nas que se impuxeron as penas máximas conforme á lexislación vixente’”. A pesar de que no informe preceptivo, se lle advertiu ao Goberno que se rebaxaba a pena ao delito de violación, o Goberno ignorou a advertencia.

Desde outros catro organismos tamén alertaron das consecuencias da entrada en vigor deste Lei. O primeiro, foi o Consello Fiscal que expresou que “vai resultar extremadamente difícil a imposición de penas tan elevadas no seu grao máximo”.

O segundo foi o Consello de Estado que solicitou melloras no texto: “A redacción é susceptible de melloras que fagan o precepto máis comprensible e rigoroso”.

O terceiro foi o Consello Económico e Social (CES), onde alertaron que “se observa certa incongruencia entre os obxectivos declarados da lei e o contido dalgúns artigos”.

A cuarta advertencia chegou desde a Axencia de Protección de Datos: “Non existen garantías específicas que require o Regulamento Xeral”.

Con todo, todas elas, non foron tidas en conta polo Goberno e a iso súmase que o texto da lei foi aprobado no Consello de Goberno, onde se atopaban varios xuíces como Margarita Robles ou Fernando Grande Marlaska.

A entrada en vigor da citada lei, o 7 de outubro, supuxo a redución de decenas de sentenzas. No período de apenas catro meses, entre outubro e xaneiro inclusive, só en Galicia foron solicitadas 62 revisións de condena e en case a metade, 32, os tribunais decretaron a rebaixa das penas impostas e dous dos condenados obtiveron a

liberdade. Os datos a nivel estatal nese mesmo período sinalan a revisión de 750 condenas, cunha rebaixa de penas en 270 casos e a existencia de 30 excarcerados pola nova norma en toda España. Unhas cifras que continúan a medrar día a día.

A cidade de Santiago tamén se viu afectada por este procedemento de revisións con dous casos nas últimas semanas, cunha rebaixa de 8 meses nunha condena de 13 anos por violación no Campus da USC e de seis meses de rebaixa para un pai que abusou reiteradamente da súa filla menor de idade.

As revisións de sentenzas a condenados por delitos sexuais, a rebaixa nas penas de prisión e mesmo ordes de excarceración están a provocar unha importante alarma social entre a poboación. Incluso a ministra portavoz do Goberno de España, nunha entrevista admitiu “a alarma social e a preocupación” existente tras a entrada en vigor da lei de garantía integral da liberdade sexual.

O ministerio de Igualdade preferiu seguir eloxiando a lei, que consideran magnífica, en palabras da Delegada do Goberno para a Violencia de Xénero, Vitoria Rosell. Mentres que a ministra María Jesús Montero anunciou o 15 de novembro, contradicindo ás responsables do ministerio autor da lei, que están dispostos a revisar o texto para impedir evitar que os condenados de carácter sexual vexan reducidas as súas penas.

Un avogado, en declaracións recollidas por un medio de comunicación, afirmou que “o mellor defensor do meu cliente chámase Irene Montero e é ministra de Igualdade. Baleirou de contido o delito de abuso sexual sen contemplar todas as derivadas que podía ocasionar. Neste caso, o meu defendido beneficiouse claramente ao aplicarse a nova normativa”.

Para tratar de atallar esta situación e evitar a súa continuidade, o Partido Popular solicitou no Pleno do Congreso dos Deputados que o Goberno da Nación procedese á revisión e rectificación da Lei de Garantías da Liberdade Sexual para evitar a redución de penas que se están aplicando a violadores. Esta iniciativa foi rexeitada por PSOE, Podemos e por outros partidos como ERC, PNV e EH Bildu.

Por outra banda, tamén se solicitou ao membros do actual Goberno de España que deixe de insultar aos xuíces que só aplican esta Lei, así como que respecten a independencia xudicial e a separación de poderes

A pesar dos anuncios do Goberno de chegar a unha postura común dentro do Executivo para propoñer unha modificación da Lei e da recente presentación dunha proposición de lei socialista para debater sobre a súa modificación, o certo é que esta segue a manterse vixente e con ela a ameaza de que continúe a favorecerse a rebaixa de penas dos condenados non só nos casos xa xulgados, senón tamén nas novas sentenzas que se produzan de cara ao futuro, razón pola que o Grupo Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

1º. O Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu apoio a unha revisión da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, e insta ao Goberno de España a que apoie a súa modificación, pola vía de urxencia, para que quen cometa delitos sexuais teña, canto antes, as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022, e que se viron rebaixadas coa actual regulación.

2º. Deste acordo darase traslado á Presidencia do Goberno, aos ministerios de Xustiza e de Igualdade, e á Mesa do Congreso e do Senado.

MOCIÓN DO PP CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración do ano 2023 das Nacións Unidas con motivo do Día Internacional da Muller reconece e homenaxea ás mulleres e nenas, así como ás organizacións feministas que loitan polo avance da tecnoloxía transformadora e o acceso a unha educación dixital.

Este ano pretende ser unha conmemoración que sirva tamén para explorar e avanzar nos efectos da fenda dixital de xénero no crecemento das desigualdades sociais. Tamén porá de manifesto a importancia de protexer nos espazos dixitais os dereitos das mulleres e das nenas, e a abordaxe da violencia de xénero en liña e nas novas tecnoloxías da comunicación.

O Grupo Municipal Popular quere sumarse a esta iniciativa para poñer de manifesto a importancia de acadar a igualdade real e efectiva nun ámbito vital para o desenvolvemento da nosa sociedade e do noso Concello.

Logo de que o 13 de xullo de 2021 se aprobara por unanimidade no Parlamento Galego a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación, o obxectivo é eliminar a penalización sufrida polas mulleres na valoración do seu rendemento investigador por mor dos permisos por embarazo, maternidade ou lactación e da fenda de xénero na produtividade científica. Así, Galicia deu un paso máis cara a igualdade de xénero neste ámbito, establecendo un factor corrector que permite compensar os períodos de inactividade investigadora para que non supoñan unha discriminación nos procesos de avaliación.

Ademais, cómpre destacar que a Xunta de Galicia aprobou, o pasado 9 de xuño, o III Programa Muller e Ciencia 2022-2025 que, con 44,7 millóns de euros, pretende lograr un sistema galego da ciencia, tecnoloxía e innovación que incorpore de xeito efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, cómpre sinalar que Galicia dispón da Unidade Muller e Ciencia, un órgano que ten como finalidade incrementar a presenza da muller nos ámbitos científico e tecnolóxico. As actuacións deste órgano van encamiñadas, baixo unha perspectiva integral, a promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación, e na xestión da I+D+i, así como a situar nun primeiro plano a perspectiva de xénero nos estudos e actividades científicas.

Ademais, a Unidade de Muller e Ciencia, xunto coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, puxo en marcha unha nova edición do proxecto “*Nin+ nin – iguais*”, que percorre distintos centros educativos galegos durante o presente curso

para poñer en contacto ás e aos escolares con mulleres referentes que destacan en sectores tradicionalmente masculinizados. A iniciativa pretende, polo tanto, favorecer o encontro do alumnado con mulleres líderes nos seus respectivos sectores, como a ciencia, coa idea de que mozas e mozos teñan referentes femininas en áreas onde a presenza de homes resulta aínda maioritaria. Isto complementase cun amplo e variado abano de medidas que se desenvolven cada ano para sensibilizar á poboación respecto da moi necesaria igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tamén no eido científico-tecnolóxico. Trátase, así, de potenciar a educación en igualdade das persoas e de concienciar á nosa mocidade de que poden ser o que queiran ser, sen importar o seu xénero.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Popular propón que por parte do Pleno municipal se adopte o seguinte

ACORDO

a) Que o Concello, no marco das súas competencias:

1. Elabore un estudo sobre aquelas mulleres referentes do municipio no ámbito das ciencias, a tecnoloxía e as matemáticas, co obxectivo de visibilizar a veciñas referentes.
2. Publicar o dito estudo e difundilo tanto en espazos públicos de lecer, bibliotecas, así como nos centros educativos.
3. Colaborar coas asociacións de mulleres locais na promoción de veciñas referentes, actuais e da nosa historia, ademais de científicas e tecnólogas galegas co fin de facer actividades divulgativas e de sensibilización entre as súas socias.

b) Dirixirse á Xunta de Galicia para:

1. Impulsar as vocacións científicas das nenas e mozas, principalmente desde o ámbito educativo.
2. Colaborar coas organizacións de mulleres científicas e investigadoras na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.
3. Continuar coa formación do profesorado e persoal orientador dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais nesgadas polo xénero.
4. Promover a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio da profesión académico-científica-tecnolóxica, tanto no ámbito público coma no privado.
5. Sensibilizar á sociedade en xeral sobre as referentes femininas na historia das ciencias, dando maior visibilidade ao traballo das científicas galegas.

c) Dirixirse ao Goberno do Estado para:

1. Reactivar e impulsar a Unidade de Mulleres e Ciencia, dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación, como órgano necesario para implantar a perspectiva de xénero nas políticas científicas, tecnolóxicas e de innovación que afectan á igualdade efectiva entre mulleres e homes. Así como realizar unha avaliación intermedia do II Plan de

Igualdad de Género 2021-2025 do CIEMAT, en colaboración co Ministerio de Igualdad.

2. Reactivar o Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación, como órgano colexiado interministerial, no marco do sistema español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, responsable de analizar e realizar o seguimento da situación das mulleres no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como favorecer a integración axeitada da análise de xénero no contido das políticas, programas e proxectos de I+D+i.

3. Aprobar o antes posible o Plan de Igualdad de Género y no discriminación en Ciencia, Tecnología e Innovación, anunciado pola ministra de Ciencia e Innovación, no pleno del Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación, celebrado o pasado 13 de setembro de 2022.

MOCIÓN DE CA SOBRE O PROXECTO DE EIXO DE MOBILIDADE SOSTIBLE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 3 de Xaneiro de 2023 publicouse no DOG o anuncio do 21 de decembro de 2022 da Dirección Xeral de Mobilidade, polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de trazado do eixo de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela, treito Estación Intermodal-San Caetano, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generatio, de clave AC/22/088.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia de mobilidade sostible que téñen, como un dos seus obxectivos, o fomento dos desprazamentos non motorizados nos ámbitos urbanos e metropolitanos. Dentro destas actuacións propón a implantación de sendas peonís e/ou ciclistas nas contornas metropolitanas das principais cidades de Galicia, sendo unha delas Santiago de Compostela, para contribuír a que implanten Zonas de Baixas Emisións, tal e como esixe a recentemente aprobada Lei 7/2021, do 7 de maio, de Cambio Climático e Transición Enerxética.

Para a área metropolitana de Santiago de Compostela propón a conformación dun eixo de mobilidade peonil e ciclista que conecte O Milladoiro coa cidade de Santiago de Compostela e en concreto como punto final con San Caetano. O proxecto divídese en tres tramos, Milladoiro-Estación Intermodal, Intermodal- Complexo Administrativo de San Caetano e Conexión co Complexo Hospitalario Universitario CHUS.

Un dos obxectivos expostos no proxecto será a comunicación de “numerosos puntos de interese da cidade ao longo do eixo Oeste-Este, tales como estación intermodal de Santiago, Hospital de Conxo, edificios administrativos da Xunta de Galicia (San Caetano), centros formativos, áreas comerciais, centros deportivos. Así como, a formación dun ramal que conecte co Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS)”.

Este é un obxectivo de enorme importancia para o noso concello e a contorna

metropolitana, tal e como se ten reflexado no Pacto Local pola Mobilidade aprobado polo Concello de Santiago de Compostela no ano 2018 e como recollen as bases para a redacción do novo PMUS en licitación na actualidade.

Froito desta necesidade de promover a conexión con modos brandos de transporte entre o núcleo de Milladoiro e o centro da cidade ao longo dos últimos anos véñense propoñendo ademais, diferentes solucións, como as presentadas polo Concello de Santiago en abril de 2022, “Proxecto de Trazado de carril bici na SC-20 entre a rotonda do Milladoiro e a rotonda de Volta do Castro” ou a “Proposta Vía Ciclista Peonil Santiago – O Milladoiro”, redactado pola Asociación Cívica Composcleta, no 2019.

Entendendo que o desexable sería ter desenvolvido a través do Plan de Mobilidade Urbana Sostible unha estratexia e planificación global para os modos brandos de mobilidade no noso concello, asistimos a presentación de diferentes proxectos puntuais das distintas administracións, obviando a necesidade da conformación dunha trama ou rede global que facilite a conexión dos diferentes puntos utilizando a bicicleta e demais medios de mobilidade.

Aínda que falten eses pasos previos de planificación e dun deseño da mobilidade que contemple todos os medios de transporte e a súa interconexión, actuacións como as tres presentadas, sempre van favorecer a utilización da bicicleta e en termo xeral serán positivas, polo que deberase ser especialmente sensible en non crear novos problemas co trazado desta infraestrutura ciclista para evitar vela coma un problema pola veciñanza afectada polas expropiacións e polo usuarios dos espazos libres que atravesan.

Entre os seus obxectivos recolle a necesidade da interconexión cos puntos de interese da cidade, pero fai unha aposta pola utilización dos espazos verdes existentes, máis que polo apoio nos viais existentes, o que dificulta a conexión coa trama urbana e ademais xera graves afeccións nestes espazos naturais e patrimoniais.

Nestes proxectos de carril bici deberíase priorizar obras que xeren unha rede e faciliten a conectividade, que comuniquen un punto A cun punto Z, e polo medio tamén todos os seus puntos de interese e de atracción de usuarios. Desde un punto de vista de mobilidade sostible, non queremos carrís ou corredores bicis para fins recreativos por espazos naturais, senón que conecten colexios, edificios universitarios, hospitais, centros de traballo ou zonas de lecer. Unha mobilidade que poida dar alternativa á utilización do vehículo particular

Ademais desta crítica ao concepto do propio deseño e á súa falta de conectividade coa trama urbana, o Proxecto crea problemas graves de afeccións á veciñanza polo trazado e expropiacións previstas no tramo inicial, no concello de Santiago de Compostela e tamén xera graves afeccións nos espazos naturais polos que transcorre no tramo do banquete de Conxo e de Brañas de Sar e xera tamén afeccións patrimoniais moi graves na contorna do Mosteiro de Conxo e da Colexiata de Sar. Facemos nosa toda esta problemática do deseño de trazado que tamén é obxecto de alegacións por parte de particulares e asociacións veciñais.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno local e á Xunta de Galicia a traballar conxuntamente para mellorar este proxecto nos seguintes puntos:

1. O proxecto de trazado do eixo de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela, treito Estación Intermodal-San Caetano non cumpre con parte dos seus propios obxectivos, por centrarse en realizar a conexión entre puntos, faltándolle unha maior interconexión coa trama urbana e cos puntos xeradores de desprazamentos, coma centros de estudos e centros universitarios, polo que se propón unha escolla de alternativas que faciliten esta mellor conexión coa trama urbana.

2. O trazado entre a rotonda do Milladoiro e a rotonda de Volta do Castro debe modificarse, para evitar as afeccións e expropiacións previstas na Avenida de Pontevedra. Deste xeito acadaríase unha mellor imbricación na trama urbana, facilitando acceso á vía ciclista desde os núcleos de Porto de Conxo e Rocha Vella. O trazado debe pasar pola humanización da SC-20 cunha redución do ancho dos carrís para facilitar a implantación do itinerario ciclista que debe de ser de dobre dirección. A marxe esquerda dirección Milladoiro-Santiago empregado a pista Porto de Conxo-Rocha Vella e a marxe dereita na propia SC-20. Os puntos conflictivos como o enlace SC-20/AG-56 ou o cruce da SC-20 ao inicio da Ponte da Rocha resolveríanse con estruturas complementarias que faciliten a superación de desniveis. O tramo que percorre a ponte da Rocha sería soamente nunha marxe ate a rotonda de Volta do Castro, tal como recolle o proxecto redactado n seu día polo Concello de Santiago de Compostela.

3. No ámbito de Conxo e de Sar debe estudarse de novo o trazado e o deseño dos viarios para evitar afeccións aos espazos de gran valor natural, paisaxístico e cultural, incluídos dentro da Lista do Patrimonio Mundial da Unesco. Dado o intenso uso peonil da zona por parte da veciñanza cumpre segregar a vía ciclista, realizando o seu trazado, o máis perto posible do campo de fútbol de Conxo, para evitar atravesar o espazo central do Banquete de Conxo na area da fonte da Virxe da Cuncha.

4. Ademais, o trazado respetará as áreas afectadas polo réxime de inundacións previstos na cartografía de zonas de risco de inundación do MITECO

5. Debe estudarse de novo o trazado no ámbito de Brañas de Sar, para evitar tocar o espazo protexido da Colexiata de Sar, aproveitando a existencia da Ruela do Cancelón de Sar, Son 170 metros de rúa asfaltada, con posibilidades de ampliación para acomodar unha rúa ciclista con convivencia de tráfico. Isto permite aforrar 400 metros de construción de novo trazado coas expropiacións correspondentes, evitar as afeccións ao muro protexido da Colexiata de Sar e un cruce directo da rúa de Sar sen necesidade de facer unha intervención urbanística nela. Ademais no trazado do viario por estas zonas de borde do río Sar terase especial coidado no deseño e materias utilizados para non alterar o espazo natural.

6. Debe ampliarse o trazado da vía ciclista ate a estación da Sionlla. Non é comprensible que estando prevista a finalización do trazado da Vía Verde Santiago-Oroso-Melide -Tordoia-Cerceda no lugar da Sionlla, dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, esta vía ciclista teña previsto rematar 3 km antes da mesma. Ampliar a vía ciclista de San Caetano á estación de ferrocarril da Sionlla abre un acceso directo da zona norte de Santiago, e de todos os municipios do trazado, creando un viario de 50 km de circulación ciclista entre Milladoiro e Cerceda.

MOCIÓN DE CA EN APOIO Á ESCOLA UNITARIA O GAIOSO E PARA A

CONTINUIDADE DAS ESCOLAS UNITARIAS DO RURAL DE SANTIAGO.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En xuño de 2022, o grupo municipal de Compostela Aberta trouxo ao Pleno da Corporación unha moción que tiña como obxectivo “instar ao Goberno a realizar as actuacións pertinentes, mediando e solicitando á Xunta de Galicia, para conseguir un marco de estabilidade e apoio para as tres escolas rurais de Santiago de Compostela que lles permita pervivir e medrar nun futuro próximo como modelo de educación válido e vixente para o desenvolvemento das nosas parroquias rurais”. Con esa proposta, Compostela Aberta respondía á alarma xerada pola ameaza de peche da Escola Infantil O Gaioso, na parroquia do Eixo, pola falta de matrícula. Naquela altura, o centro precisaba dun alumno ou alumna máis para cumprir a ratio establecida pola Xunta de Galicia, e despois da mobilización da comunidade educativa conseguiu esa matrícula e garantiu a súa supervivencia por un curso máis. A moción quedara aprobada cos votos a favor de Compostela Aberta, PSOE e BNG, mentres que o PP votara en contra.

Agora, a historia repítese: a escola unitaria do Eixo precisa de dous alumnos ou alumnas máis para que a Consellería de Educación non peche as súas portas no vindeiro curso 2023-2024. Outra vez, a AFA do centro e máis a mestra iniciaron unha campaña a través das redes sociais para lograr alcanzar a ratio establecida, e mesmo están organizando xornadas de portas abertas para que as familias poidan coñecer a escoliña, que está situada a só 10 minutos do centro de Santiago e que ofrece enormes vantaxes para as crianzas, tanto polo seu modelo educativo como polas súas instalacións. A unitaria atópase en bo estado de mantemento, e a comunidade educativa só reclama unha pequena actuación de mellora na entrada, para facela máis acolledora e que sexa máis utilizable por parte dos nenos e nenas. Esta actuación debера acometerse canto antes, para contribuir a que o centro sexa o máis atractivo posible para as familias e garantir a súa permanencia.

Son moitas as vantaxes das escolas unitarias da zona rural: son máis pequenas, dispoñen de máis espazo ao aire libre, teñen unha menor ratio de alumnado que permite unha atención máis personalizada e metodoloxías educativas que non se poden aplicar con grupos grandes, permiten unha convivencia entre nenos e nenas de distintas idades que beneficia o seu desenvolvemento... Todo iso é posible grazas á implicación do profesorado e das propias familias, que crean un enorme sentimento de comunidade ao redor do centro que lamentablemente non sempre vai acompañado da atención por parte das administracións públicas no que téñen que ver coa dotación de recursos e co mantemento das instalacións.

En Santiago xa só sobreviven tres escolas unitarias no rural: a do Gaioso, no Eixo; a escola infantil Bispo Teodomiro, en Marrozos; e a escola infantil de Laraño. Só esta última téñen garantida a súa permanencia polo número de alumnos e alumnas matriculados, mentres que as do Eixo e Marrozos enfróntanse cada ano á mesma incertidume. Por este motivo, o profesorado das escolas unitarias está a estudar a posibilidade de que os tres centros poidan ficar reunidos nun CRA, un Colexio Rural Agrupado. Esta fórmula, que funciona cun gran éxito en concellos próximos como Vedra e Boqueixón, permitiría que as tres unitarias formaran unha única escola a

efectos administrativos, compartindo recursos e profesorado, pero mantendo as súas instalacións individuais. Tamén facilitaría a procura de solucións para mellorar a oferta das escolas para favorecer a conciliación das familias, unha das eivas que teñen as unitarias do rural para atraer alumnado.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao correspondente órgano de Goberno a acometer de maneira inmediata a actuación de mellora na entrada da Escola Infantil do Gaioso demandada pola comunidade educativa.
2. Instar ao correspondente órgano de Goberno a realizar as actuacións pertinentes, mediando ante a Xunta de Galicia, para conseguir un marco de estabilidade e apoio para as tres escolas rurais de Santiago, sexa a través da figura do Colexio Rural Agrupado ou a través de calquera outra fórmula acordada coa comunidade educativa.
3. Trasladar o apoio do Pleno da Corporación á comunidade educativa da Escola Infantil do Gaioso e mostrar o seu rexeitamento ao peche do centro.

MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA PROMOVER O DIÁLOGO COA VECIÑANZA E AS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS SOBRE OS PROXECTOS DE REURBANIZACIÓN OU OBRAS QUE AFECTEN AOS SEUS ÁMBITOS.

O Concelleiro non adscrito, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a promover o diálogo coa veciñanza e as asociacións veciñais sobre os proxectos de reurbanización ou obras que afecten aos seus ámbitos dos respectivos barrios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este goberno ben de anunciar algúns proxectos que se estaban a redactar durante o ano 2022 por parte do anterior Concelleiro de obras, estes proxectos estaban previstos compartílos coa veciñanza, tecido asociativo e outras administracións onde afecta a realización das obras que se poderán levar a cabo durante o presente ano.

O pasado luns 6 de febreiro aprobouse o proxecto de reurbanización da Praza de León por importe de 201.979,60€ IVE incluído cun prazo de execución de 4 meses, forma parte da EDUSI e está cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea (Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020).

O 14 de febreiro o Pazo de Raxoi acolleu o acto de presentación das accións incluídas no Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) da Vía Verde Compostela-Tambre- Lengüelle e financiadas con 1,4 millóns de euros polo goberno.

No acto salientouse que en breve sairá a licitación a obra do primeiro tramo da Vía Verde ao seu paso polo concello de Santiago. A Deputación da Coruña levará a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das devanditas obras, que contan cun orzamento para ese primeiro tramo de preto de 800.000 euros; 500.000 euros achegados polo ente provincial, e 300.000, polo Concello.

O goberno ven de anunciar, nas últimas semanas, a solicitude a deputación con cargo ao POS para realizar investimentos de máis de 1,5 millóns de euros para Sabugueira, Marrozos, Villestro, Marantes, Aríns, Bar de Arriba, Bar de Abaixo e Asidros.

Anunciou tamén a ratificación do convenio que permitirá ao Consorcio executar as obras do Centro Loxístico de Provisión e Distribución de Mercadorías da Cidade Histórica por un importe de 4,5 millóns de euros.

E así mesmo, figura pendente a reurbanización dunha parte da zona do campus universitario.

De todas estas actuacións o goberno está a desenvolver unha actividade propagandística onde impón proxectos establecidos unilateralmente, mesmo indicando nos seus comunicados que esas actuacións están consensuadas coas entidades veciñais e coas estruturas asociativas dos barrios da cidade. En moitos casos a única actividade de participación foi un mitin gubernativo no que se expoñía un proxecto xa pechado.

Noutros casos, directamente se citan asociacións das que se indica que foron consensuadas as actuacións con elas, mentres que na realidade as ditas o descoñecen.

Os veciños e veciñas do noso municipio son os mellores coñecedores das necesidades do mesmo. Dando a voz e a capacidade de acción aos habitantes dos barrios de Santiago de Compostela contribuímos, como poder público, a fomentar unha cidadanía copartípe e corresponsable nos asuntos que lles afectan como veciños e veciñas.

Para iso propónse a implantación dun proceso de participación cidadá en relación coas obras para desenvolver nos barrios de Santiago:

1ª Fase. Xornadas de información pública e explicación do proceso

O Concello informará á cidadanía achega do proceso de obras nos barrios do municipio, as súas especificidades e limitacións a través charlas explicativas nos centros Socio-Culturais, levantando acta das devanditas reunións, e de publicacións na Web do Concello. O obxectivo é conseguir que a maior parte da poboación da nosa cidade sexa consciente de que pode participar de diversas maneiras na decisión sobre as obras que afectan os barrios nos que viven.

Esta fase requirirá de apoio dos técnicos municipais encargados da xestión dos proxectos e a execución das obras.

2ª Fase. Recollida de propostas

Nun prazo de tempo determinado recolleranse as propostas no rexistro do Concello, seleccionando aquelas que cumpran cos requisitos formais que se estipulen.

3ª Fase. Preselección técnica

Nesta fase os servizos técnicos municipais estudarán a viabilidade das diferentes propostas, seleccionando mediante criterios técnicos obxectivos as que se consideren

viales e informando aos propoñentes, en caso de ser incompatible algunha, das modificacións necesarias para validalos ou, no seu caso, dos motivos da súa desestimación.

Á súa vez, os servizos técnicos remitirán informe escrito á Comisión Informativa competente no que se avalíe as propostas seleccionadas, determinándose no devandito órgano os que serán presentados aos veciños e veciñas na Fase de Decisión.

4ª Fase. Xornadas de exposición pública de propostas viables

Utilizando os mesmos medios que na primeira fase, daranse a coñecer entre a cidadanía as diferentes propostas presentadas que fosen consideradas viables polos servizos técnicos municipais e a Comisión Informativa competente.

5ª Fase. Decisión

Establecerase un sistema de votación presencial para decidir que propostas selecciónanse finalmente para que sexan acometidas por parte do noso Concello, sen prexuízo das competencias que legalmente corresponden ao Pleno.

Por esa razón propónse o seguinte

ACORDO

1. O goberno municipal exporá publicamente ante o tecido asociativo e a veciñanza e os plans de remodelación dos barrios.
2. Establecer e executar un proceso de participación cidadá, como o descrito nesta moción, para a determinación, en todo ou en parte, das propostas dos veciños respecto das actuacións de remodelación nos barrios.
3. Nos proxectos se incorporarán as demandas veciñais e se realizarán aquelas actuacións que son prioritarias para a veciñanza.

MOCIÓN DE CA PARA DARLLE UN USO COMUNITARIO AOS TERREOS EXPROPIADOS PARA A PLATAFORMA LOXÍSTICA DE INTERCAMBIO DE MERCADORÍAS PERO QUE NON SEXAN EFECTIVAMENTE OCUPADOS POLO PROXECTO.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 26 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno acordou iniciar o procedemento de expropiación, por tasación conxunta, para a execución da primeira fase do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM.

Despois do período de exposición pública dun mes, o Boletín Oficial do Estado publicou o 26 de xaneiro o edito para a notificación do proxecto de expropiación, coa relación das 15 parcelas afectadas, os seus titulares, e o importe correspondente a

cada unha delas. En total, prevíase a expropiación dunha superficie de 41.876 metros cadrados, e a expropiación por tasación conxunta foi valorada en 167.763,71 euros

O 3 de febreiro, nunha Xunta de Goberno extraordinaria, acordouse a exclusión dunha das parcelas incluídas no proxecto de expropiación para a execución da plataforma de mercadorías. Trátase, en concreto, da parcela 15, titularidade de Mercagalicia, cunha superficie de 2.714,15 metros cadrados. Segundo o acordo da Xunta de Goberno, “Mercagalicia achegará o compromiso de permitir a ocupación da parcela se fose precisa para executar as obras de urbanización ou de acondicionamento do terreo”, e “polo órgano competente da administración municipal adoptaranse as decisións que procedan a respecto da futura incorporación da parcela ao dominio público municipal”

Este procedemento de expropiación refírese á primeira fase do proxecto da plataforma de mercadorías, pero prevese unha segunda fase na que se actuaría sobre outros 36.129,8 metros cadrados de superficie.

En total, a parcela prevista para a Plataforma Loxística contaría cunha superficie total de 78.006,60 metros cadrados (dos que habería que descontar a finca de Mercagalicia que finalmente non será expropiada). A capacidade edificatoria máxima vén dada pola aplicación dos seguintes parámetros:

_Ocupación máxima 20% da superficie da parcela

_Área de Movemento da Edificación: 28.101 metros cadrados

_Altura máxima da edificación: Baixo +1: 12 metros

_Recuado mínimo a lindeiros: 5 metros

_Espazo Libre de Parcela: 22.856 metros cadrados

_Terreos en estado natural ou área de amortecemento: con case 22.000 metros cadrados

O Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM de Santiago, no seu capítulo V, artigo 24 sinala:

Art. 24.-ZONA 2 (O-2) – ÁREA DE AMORTECEMENTO

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN. Esta Ordenanza será de aplicación zonas grafadas no plano de Zonificación coa denominación TN-AA.

2. CARACTERÍSTICAS. Está integrado polos terreos dotados de arbolado e xardinaría destinados a mellorar as condicións estéticas e ambientais do espazo, e facilitar a súa integración co entorno inmediato.

3. REGULACIÓN. Resulta de aplicación o indicado nas normas de protección da flora e da fauna establecidas na Normativa do PXOM do Concello de Santiago de Compostela así como e en particular:

a) Os procesos de revexetación realizaranse con especies herbáceas, arbóreas e arbustivas propias da Rexión Bioxeográfica co fin de garantir a súa viabilidade e

reducir posteriores labores de mantemento, empregaranse especies vexetais autóctonas, e plantaranse árbores nun número axeitado ao espazo no que se localicen e aos usos públicos previstos.

b) A tala de árbores quedará sometida ás autorizacións administrativas que sexan necesario obter da autoridade competente en razón da materia.

c) A poda de vexetación, tanto de parques e xardíns como de viario, non poderá realizarse en primavera, ao ser o período reprodutor das especies e afectar a nidificación das especies silvestres. outro tanto procederá para o desbroce da vexetación existente no caso da execución dos proxectos de urbanización, que evitará os meses de marzo a xuño.

d) Permítense a instalacións deportivas descubertas, cunha porcentaxe de ocupación máxima do 25%.

e) Permítense a localización de aparcadoiros para bicicleta así como a execución de redes de servizos.

A veciñanza da parroquia da Gracia ten trasladado o seu interese porque os terreos expropiados que non sexan efectivamente utilizados para a plataforma de mercadorías sexan utilizados como espazo dotacional de ocio para a parroquia. En concreto, apuntan ao acondicionamento de instalacións deportivas descubertas, tal e como posibilita o Plan Especial.

Polo antedito, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

Instar ao Goberno local a utilizar os terreos expropiados á veciñanza para o proxecto da Plataforma de Mercadorías que van quedar libres na parcela, para o acondicionamento de espazos de ocio e deportivos, acordados coa veciñanza, planificando a súa execución e comprometendo a súa dotación orzamentaria.

MOCIÓN URGENTE DO PSdeG-PSOE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO NA CONTORNA DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do artigo 85.2 do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte MOCIÓN URGENTE para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Actualmente, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) e na súa contorna existe un grave problema de aparcamento, a pesares da existencia de numerosas prazas en superficie e do aparcamento subterráneo promovido polo propio Concello de Santiago. Cada día, as persoas usuarias do CHUS tanto veciños e veciñas de Compostela como do resto dos concellos da área sanitaria, sofren a escaseza cada vez maior de prazas ofertadas nesa zona. Debemos recordar que a xestión da mobilidade na parcela do CHUS é competencia exclusiva do Servizo Galego de Saúde.

Os problemas de tráfico recorrentes a calquera hora do día explícanse tendo en conta que o 80% das persoas usuarias do CHUS non viven en Santiago de Compostela e que en Galicia o sistema de transporte público está funcionando de maneira deficitaria.

É por iso que parece conveniente que, ao igual que noutros complexos hospitalarios de referencia en Galicia, coma son as ampliacións dos centros hospitalarios da Coruña, Vigo, Pontevedra e Ferrol, a Xunta de Galicia se implique na construción dun novo aparcamento; toda vez que, tanto a construción do Centro de Protonterapia como a ampliación do propio CHUS, xa en marcha, minorarán a escasa oferta de estacionamento nesa contorna.

O Concello de Santiago, na Xunta de Goberno Local do pasado luns día 20, vén de aprobar a cesión á consellería de Sanidade dunha parcela de titularidade municipal situada na avenida Mestre Mateo nº 41, ao carón do edificio CIMUS e CEBEGA, cunha superficie total de 3.563,53 metros cadrados, para que proceda á construción dun novo aparcamento. Cesión que deberá aceptar nun prazo de seis meses dende a notificación da mesma. Dita parcela cedida á Xunta de Galicia ten unha valoración urbanística de mais de catro millóns de euros.

Por último, debemos recordar que o proxecto de ampliación do CHUS declarouse o ano pasado de especial interese e utilidade municipal, declaración que se fará no próximo mes co proxecto do Centro de Protonterapia. Esta declaración supón unha bonificación do 95% do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), unha cifra moi significativa, mais dun millón de euros, que asumen os veciños de Compostela.

Por estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia:

1. A aceptar coa maior prontitude a cesión feita polo Concello de Santiago da parcela EU-7 do Polígono 2 do Plan Parcial do SUP-5 CHOUPANA de titularidade municipal situada na avenida Mestre Mateo nº 41 de 3.563,53 m².
2. O inicio urxente dos procedementos necesarios para a posta en marcha da construción na contorna do Hospital Clínico Universitario (CHUS) dun novo aparcamento, que teña un mínimo de 400 prazas, na parcela cedida polo Concello de Santiago.
3. Destinar a bonificación do ICIO dos proxectos de ampliación do CHUS e do Centro de Protonterapia a sufragar os custes de construción de dito aparcamento.

MOCIÓN CONXUNTA DO PSdeG-PSOE, DE CA, DO BNG E DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA MOSTRAR O SEU REXEITAMENTO Á EXPULSIÓN DA EURODIPUTADA ANA MIRANDA DE ISRAEL.

O pasado martes 21 as autoridades do Estado de Israel denegaron a entrada no país a eurodiputada do BNG Ana Miranda, que formaba parte dunha delegación oficial do Parlamento Europeo que visitaba eses días os territorios palestinos. Nesta ocasión viaxaba como representante das institucións comunitarias, nomeadamente a

Eurocámara, e contaba cunha autorización expresa tanto da UE como do propio Ministerio de Exteriores israelí. No marco desta visita programáranse diferentes xuntanzas diplomáticas e encontros sociais e políticos en relación ás políticas de reasentamento e demolicións que está a executar o Goberno israelí e que foron denunciadas en distintas resolucións do Parlamento Europeo e da ONU.

Para a Corporación Local de Santiago de Compostela, este comportamento e inaceptábel e belixerante contra persoas que son representantes lexítimas da Unión Europea exercendo o seu papel político.

Xa o propio Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación rexeitou categoricamente dita expulsión e pediu explicacións ao Goberno Israelí por ditos feitos. Tamén a presidencia do Parlamento Europeo, e os eurodiputados da delegación manifestaron a súa solidariedade coa eurodiputada Ana Miranda, e solicitaron explicacións polos feitos acontecidos, feitos que consideran un grave menosprezo a unha representante electa e a propia institución do Parlamento Europeo.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela quere mostrar a súa solidariedade coa eurodiputada Ana Miranda, e o seu apoio ás autoridades españolas e europeas para que denuncien estes feitos e soliciten todas as explicacións necesarias ante as autoridades israelís.

En relación ás mocións presentadas e tratadas na presente sesión, adoptáronse os acordos que a seguir se transcriben:

Con respecto á moción formulada por CA pola redacción urxente dun plan estratéxico de cultura, por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación, acorda que o goberno municipal encargue con urxencia a redacción do I Plan Estratéxico da Cultura de Santiago de Compostela.

No tocante á moción presentada polo BNG para instar á Xunta a adquirir os edificios de Ciencias da Educación e Enfermaría para destinalos a Escola Oficial de Idiomas, e despois de acordarse no transcurso do debate a votación separada por puntos, acórdase:

1. O Pleno da Corporación, por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 5 CA e 1 N/A) e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (8 PSdeG-PSOE e 7 PP), insta ao correspondente órgano do Goberno local a impulsar un cambio do uso hoteleiro a educativo na parcela 7484803NH3478C de Xoán XXIII que actualmente acolle as facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría.

2. O Pleno da Corporación, por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 8 PSdeG-PSOE, 5 CA e 1 N/A) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, insta ao correspondente órgano do Goberno local a catalogar e protexer os edificios, ou cando menos as fachadas, que actualmente acollen as facultades de Ciencias da

Educación e de Enfermaría.

3. O Pleno da Corporación, por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 5 CA e 1 N/A) e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (8 PSdeG-PSOE e 7 PP), insta á Xunta de Galiza, xunto con outras administracións se for preciso, a comprarlle á USC e rehabilitar os edificios que actualmente acollen as facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría, cando estas se despracen ao campus sur, co fin de adecuar as instalacións para acoller a Escola Oficial de Idiomas.

Na moción presentada polo BNG para a mellora dos espazos públicos, a reordenación do tráfico, aparcadoiros e o cambio de emprazamento dos colectores de residuos en Sabugueira, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 7 PP, 5 CA e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación acorda que o Goberno local do concello atenderá as demandas da veciñanza de Sabugueira en canto á mellora dos espazos públicos, a reordenación do tráfico co cambio da rotonda de Correos, o traslado dos colectores de residuos, a podas de árbores e a construción de beirarrúas.

Con respecto á moción presentada polo BNG para trasladar á Fiscalía o expediente de contratación irregular coa empresa Desproi, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 7 PP, 5 CA e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación acorda que trasladará á Fiscalía, no prazo dun mes, o expediente de contratación e toda a documentación relacionada á empresa Desproi cando estaba vinculada a un membro do Goberno local, co obxectivo de esclarecer o acontecido e de que se adopten as responsabilidades xudiciais que correspondan se as houber.

No tocante á moción presentada polo BNG para adoptar medidas para loitar contra a pobreza feminina, reducir a precariedade laboral e fomentar a conciliación, cun control das empresas concesionarias dos servizos municipais, que se debatiu conxuntamente coa proposición núm. 4, referida á mesma temática, e á que presentou emenda o grupo municipal do PP, que non foi aceptada polo BNG, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda:

1. A Corporación do Concello de Santiago de Compostela mostra o seu apoio ás mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. A Corporación do Concello de Santiago comprométese a adoptar medidas para loitar contra a pobreza feminina, reducir a precariedade laboral e fomentar a conciliación, cun control das empresas concesionarias de servizos municipais para que cumpran os pregos e os contratos en materia de conciliación e, ademais, fomentar a participación social coa recuperación e convocatoria do Consello municipal das mulleres.

Con respecto á moción formulada polo PP para o impulso do colector xeral do río

Sarela e o inicio das obras da nova EDAR, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (7 PP, 5 CA, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación acorda instar ao Goberno do estado a axilizar a licitación e execución das obras do colector xeral do río Sarela e a acelerar os trámites pendentes para iniciar a construción da nova EDAR de Santiago de Compostela.

No tocante á moción formulada polo PP para o apoio da revisión da Lei orgánica 10/2022, por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, 5 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de CA, e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A), o Pleno da Corporación, acorda:

1º. O Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu apoio a unha revisión da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, e insta ao Goberno de España a que apoie a súa modificación, pola vía de urxencia, para que quen cometa delitos sexuais teña, canto antes, as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022, e que se viron rebaixadas coa actual regulación.

2º. Deste acordo darase traslado á Presidencia do Goberno, aos ministerios de Xustiza e de Igualdade, e á Mesa do Congreso e do Senado.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP con motivo do día internacional da muller, 8 de marzo, que foi debatida conxuntamente coa proposición núm. 4, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

a) Que o Concello, no marco das súas competencias:

1. Elabore un estudo sobre aquelas mulleres referentes do municipio no ámbito das ciencias, a tecnoloxía e as matemáticas, co obxectivo de visibilizar a veciñas referentes.

2. Publicar o dito estudo e difundilo tanto en espazos públicos de lecer, bibliotecas, así como nos centros educativos.

3. Colaborar coas asociacións de mulleres locais na promoción de veciñas referentes, actuais e da nosa historia, ademais de científicas e tecnólogas galegas co fin de facer actividades divulgativas e de sensibilización entre as súas socias.

b) Dirixirse á Xunta de Galicia para:

1. Impulsar as vocacións científicas das nenas e mozas, principalmente desde o ámbito educativo.

2. Colaborar coas organizacións de mulleres científicas e investigadoras na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.

3. Continuar coa formación do profesorado e persoal orientador dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais nesgadas polo xénero.

4. Promover a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio da profesión académico-científica-tecnolóxica, tanto no ámbito público coma no privado.

5. Sensibilizar á sociedade en xeral sobre as referentes femininas na historia das ciencias, dando maior visibilidade ao traballo das científicas galegas.

c) Dirixirse ao Goberno do Estado para:

1. Reactivar e impulsar a Unidade de Mulleres e Ciencia, dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación, como órgano necesario para implantar a perspectiva de xénero nas políticas científicas, tecnolóxicas e de innovación que afectan á igualdade efectiva entre mulleres e homes. Así como realizar unha avaliación intermedia do II Plan de Igualdad de Género 2021-2025 do CIEMAT, en colaboración co Ministerio de Igualdad.

2. Reactivar o Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación, como órgano colexiado interministerial, no marco do sistema español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, responsable de analizar e realizar o seguimento da situación das mulleres no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como favorecer a integración axeitada da análise de xénero no contido das políticas, programas e proxectos de I+D+i.

3. Aprobar o antes posible o “Plan de Igualdad de Género y no discriminación en Ciencia, Tecnología e Innovación”, anunciado pola ministra de Ciencia e Innovación, no pleno del Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación, celebrado o pasado 13 de setembro de 2022.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA sobre o proxecto de eixo de mobilidade sostible en Santiago de Compostela, por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 2 BNG e 1 N/A), 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación, acorda:

Instar ao correspondente órgano de goberno local e á Xunta de Galicia a traballar conxuntamente para mellorar este proxecto nos seguintes puntos:

1. O proxecto de trazado do eixo de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela, treito Estación Intermodal-San Caetano non cumpre con parte dos seus propios obxectivos, por centrarse en realizar a conexión entre puntos, faltándolle unha maior interconexión coa trama urbana e cos puntos xeradores de desprazamentos, coma centros de estudos e centros universitarios, polo que se propón unha escolla de alternativas que faciliten esta mellor conexión coa trama urbana.

2. O trazado entre a rotonda do Milladoiro e a rotonda de Volta do Castro debe modificarse, para evitar as afeccións e expropiacións previstas na Avenida de Pontevedra. Deste xeito acadaríase unha mellor imbricación na trama urbana, facilitando acceso á vía ciclista desde os núcleos de Porto de Conxo e Rocha Vella. O trazado debe pasar pola humanización da SC-20 cunha redución do ancho dos carrís para facilitar a implantación do itinerario ciclista que debe de ser de dobre dirección. A marxe esquerda dirección Milladoiro-Santiago empregado a pista Porto de Conxo-

Rocha Vella e a marxe dereita na propia SC-20. Os puntos conflictivos como o enlace SC-20/AG-56 ou o cruce da SC-20 ao inicio da Ponte da Rocha resolveríanse con estruturas complementarias que faciliten a superación de desniveis. O tramo que percorre a ponte da Rocha sería soamente nunha marxe ate a rotonda de Volta do Castro, tal como recolle o proxecto redactado n seu día polo Concello de Santiago de Compostela.

3. No ámbito de Conxo e de Sar debe estudarse de novo o trazado e o deseño dos viarios para evitar afeccións aos espazos de gran valor natural, paisaxístico e cultural, incluídos dentro da Lista do Patrimonio Mundial da Unesco. Dado o intenso uso peonil da zona por parte da veciñanza cumpre segregar a vía ciclista, realizando o seu trazado, o máis perto posible do campo de fútbol de Conxo, para evitar atravesar o espazo central do Banquete de Conxo na area da fonte da Virxe da Cuncha.

4. Ademais, o trazado respetará as áreas afectadas polo réxime de inundacións previstos na cartografía de zonas de risco de inundación do MITECO.

5. Debe estudarse de novo o trazado no ámbito de Brañas de Sar, para evitar tocar o espazo protexido da Colexiata de Sar, aproveitando a existencia da Ruela do Cancelón de Sar, Son 170 metros de rúa asfaltada, con posibilidades de ampliación para acomodar unha rúa ciclista con convivencia de tráfico. Isto permite aforrar 400 metros de construción de novo trazado coas expropiacións correspondentes, evitar as afeccións ao muro protexido da Colexiata de Sar e un cruce directo da rúa de Sar sen necesidade de facer unha intervención urbanística nela. Ademais no trazado do viario por estas zonas de borde do río Sar terase especial coidado no deseño e materias utilizados para non alterar o espazo natural.

6. Debe ampliarse o trazado da vía ciclista ate a estación da Sionlla. Non é comprensible que estando prevista a finalización do trazado da Vía Verde Santiago-Oroso-Melide -Tordoia-Cerceda no lugar da Sionlla, dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, esta vía ciclista teña previsto rematar 3 km antes da mesma. Ampliar a vía ciclista de San Caetano á estación de ferrocarril da Sionlla abre un acceso directo da zona norte de Santiago, e de todos os municipios do trazado, creando un viario de 50 km de circulación ciclista entre Milladoiro e Cerceda.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA en apoio á escola unitaria o Gaioso e para a continuidade das escolas unitarias no rural de Santiago, por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación, acorda:

1. Instar ao correspondente órgano de Goberno a acometer de maneira inmediata a actuación de mellora na entrada da Escola Infantil do Gaioso demandada pola comunidade educativa.

2. Instar ao correspondente órgano de Goberno a realizar as actuacións pertinentes, mediando ante a Xunta de Galicia, para conseguir un marco de estabilidade e apoio para as tres escolas rurais de Santiago, sexa a través da figura do Colexio Rural Agrupado ou a través de calquera outra fórmula acordada coa comunidade educativa.

3. Trasladar o apoio do Pleno da Corporación á comunidade educativa da Escola Infantil do Gaioso e mostrar o seu rexeitamento ao peche do centro.

Na moción presentada polo concelleiro non adscrito para promover o diálogo coa veciñanza e as asociacións veciñais sobre proxectos de reurbanización ou obras que afecten aos seus ámbitos, á que presentaron emendas os grupos municipais do PP e de CA, e despois de ser aceptadas, por 15 votos a favor correspondentes ao concelleiro non adscrito e aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (1 N/A, 7 PP, 5 CA e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación, acorda:

1. O goberno municipal exporá publicamente ante o tecido asociativo e a veciñanza e os plans de remodelación dos barrios.
2. Establecer e executar un proceso de participación cidadá, como o descrito nesta moción, ou outro similar, para a determinación, en todo ou en parte, das propostas dos veciños respecto das actuacións de remodelación nos barrios.
3. Nos proxectos se incorporarán as demandas veciñais, que se consideren factibles técnica e economicamente e realizaranse aquelas actuacións que sexan prioritarias para a veciñanza.

Con respecto á moción presentada por CA sobre as expropiacións na Gracia para a plataforma loxística de intercambio de mercadorías, por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 6 PP, 2 BNG e 1 N/A), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e á concelleira do PP dona Beatriz Cigarrán Vicente (art. 100 ROF - ausente no momento da votación), o Pleno da Corporación, acorda instar ao Goberno local a utilizar os terreos expropiados á veciñanza para o proxecto da Plataforma de Mercadorías que van quedar libres na parcela, para o acondicionamiento de espazos de ocio e deportivos, acordados coa veciñanza, planificando a súa execución e comprometendo a súa dotación orzamentaria.

Na moción urxente presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para a construción dun aparcamento na contorna do CHUS, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada polo PSdeG-PSOE, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (8 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP e 1 abstención correspondente ao concelleiro non adscrito, o Pleno da Corporación, acorda:

Instar á Xunta de Galicia:

1. A aceptar coa maior prontitude a cesión feita polo Concello de Santiago da parcela EU-7 do Polígono 2 do Plan Parcial do SUP-5 CHOUPANA de titularidade municipal situada na avenida Mestre Mateo nº 41 de 3.563,53 m2.
2. O inicio urxente dos procedementos necesarios para a posta en marcha da construción na contorna do Hospital Clínico Universitario (CHUS) dun novo aparcamento, que teña un mínimo de 400 prazas, na parcela cedida polo Concello de Santiago.

3. Destinar a bonificación do ICIO dos proxectos de ampliación do CHUS e do Centro de Protonterapia a sufragar os custes de construción de dito aparcamento.

Na moción de urxencia, conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito para mostrar o rexeitamento á expulsión da eurodeputada Ana Miranda de Israel, por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE, 5 CA, 2 BNG e 1 N/A), e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación quere mostrar a súa solidariedade coa eurodiputada Ana Miranda, e o seu apoio ás autoridades españolas e europeas para que denuncien estes feitos e soliciten todas as explicacións necesarias ante as autoridades israelís.

O Alcalde pecha a sesión ás 22:55 horas. Dou fe.